



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 27 de febreiro de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE FEBREIRO DE 2026.

***Declaración institucional 8 de Marzo de 2026**

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2026 do 30 de xaneiro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 26 de xaneiro ata o 22 de febreiro de 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Culturgal para financiar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2025)

Comisión de Deporte

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia para o cofinanciamento da organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO para financiar o Proxecto de execución de centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

6. Aprobación da cuarta proposta de continuidade da prestación do contrato del Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial.
7. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Sobrado polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de mellora enerxética na parroquia de Porta, Cumbras e Roade, Sobrado".

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

8. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acceso Bustabade María de Amido e outro", do Concello das Somozas incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0298.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento



9. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Zas para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

10. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Boiro para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

11. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a decembro de 2025.

12. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

13. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

14. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2025.

15. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2025.

16. Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2026 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

17. Dación de conta do expediente de incorporación de remanentes de crédito 1/2026, de aprobación pola Presidencia.

18. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2026 de aprobación polo Pleno.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

19. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña, para o desenvolvemento do proxecto "Impulsa Coruña" dentro do Programa de Fomento do Emprendemento e da Actividade Empresarial da Provincia, no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

20. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal para cofinanciar o proxecto "XII Edición do Programa Emprende Xove-Minimarket".



Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

21. Aprobación técnica do proxecto da obra Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira punto quilométrico 1+500 ao 2+950 (NARÓN) Programa de Sendas Peonís 2026

22. Aprobación da relación dos Proxectos de obras de Conservación en Vías Provinciais. Plan de Acondicionamento-Conservación de Vías provinciais 2026

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Popular Provincial sobre o vandalismo contra as Sedes do PP

2.Moción PP sobre a modificación do Regulamento Xeral de Costas

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas

4.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE, do BNG e AV para solicitar á Xunta de Galiza as medidas urxentes necesarias para a posta en marcha dun Plan real de recuperación do CIAM (CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO)

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de febreiro de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de febreiro de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:09 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto da orde do día. Non funciona o sistema dixital, polo tanto, volvemos ao sistema que lle gusta ao PP, que é o sistema tradicional.

Primeiro punto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2026 do 30 de xaneiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 1/2026 do 30 de xaneiro.

Sr. Secretario

Procedo á lectura da declaración institucional.

Declaración Institucional 8 DE MARZO DE 2026

Ás portas do 8 de marzo de 2026, esta Corporación volve atoparse nas rúas, nos centros de traballo, nas aulas e tamén nas redes, convocada por unha certeza política e moral: *“a igualdade entre mulleres e homes segue sendo unha tarefa pendente”*. A ofensiva global contra os dereitos das mulleres, alimentada pola ultradereita e polos discursos negacionistas, pretende presentar a igualdade como un privilexio e non como un dereito democrático básico. Cada paso atrás nos dereitos das mulleres é un golpe contra a democracia mesma.

A realidade das mulleres galegas continúa marcada por desigualdades estruturais no ámbito laboral, económico, social e político. Persisten a fenda salarial, a precariedade, a feminización da pobreza e a desigualdade nas pensións, situacións que se agravan no rural pola menor dispoñibilidade de servizos públicos e políticas específicas. Esta Corporación reafirma o seu compromiso firme coa promoción da igualdade real e efectiva e coa erradicación de todas as formas de discriminación.

Vivimos nun mundo atravesado por pantallas, redes e algoritmos que condicionan o traballo, as relacións e mesmo as emocións. Neste novo escenario, as mulleres construímos comunidade, creatividade e resistencia, mais tamén somos obxecto dunha hostilidade crecente. *“A machosfera dixital converteuse nunha rede organizada de acoso e odio”* que busca expulsar ás mulleres do espazo público. Sete de cada dez mulleres novas sufriron violencia en liña no Estado español, unha violencia que non é menos grave por ser virtual.



As redes sociais convertéronse no principal espazo de socialización da infancia e da adolescencia. Urxe unha coeducación que chegue á esfera dixital, que forme en pensamento crítico fronte aos discursos machistas e que ensine a mirar con ollos feministas os corpos, os algoritmos e as mensaxes que circulan pola rede. As nenas deben medrar libres de estereotipos e sen seren convertidas en mercadorías para plataformas que se lucran coa súa exposición.

Esta Corporación reitera o seu rexeitamento a espazos que branquean o negocio do sexo e normalizan a explotación sexual ou a cousificación do corpo feminino. É imprescindible educar aos nenos en novas formas de ser homes, afastadas do control, da dominación e da violencia. Do mesmo xeito, alertamos fronte ao rexurdimento de discursos que presentan a submisión feminina como liberación: *“a submisión non é empoderamento”*.

No ámbito da violencia de xénero, o incremento de feminicidios no ano 2025 e a ausencia de respostas extraordinarias por parte dos poderes públicos evidencian a necesidade de reforzar as políticas de prevención, protección e reparación. Denunciamos o retroceso, o negacionismo machista e a banalización da violencia, e recoñecemos o papel esencial das redes de sororidade e do feminismo organizado na defensa dos dereitos das mulleres.

A transformación dixital ofrece oportunidades, pero non será liberadora se reproduce as desigualdades de sempre. É necesario avanzar cara a unha axenda feminista para a era tecnolóxica, que inclúa a regulación das plataformas, a responsabilidade das corporacións tecnolóxicas e a protección efectiva da infancia e da adolescencia fronte aos contidos sexualizados e violentos. A igualdade dixital é condición imprescindible para a igualdade real.

O feminismo naceu para conquistar o espazo público e hoxe reivindica tamén a conquista do espazo virtual. Porque sen igualdade na rede non haberá igualdade na vida. Porque o futuro, se quere ser humano, terá que ser feminista. E porque se o patriarcado se reinventa, nós tamén.

Por todo isto, esta Corporación afirma con rotundidade que non dará *“nin un paso atrás fronte ao odio e a reacción”* e que sempre plantará cara a calquera tipo de violencia exercida contra as mulleres polo mero feito de selo.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 26 de xaneiro ata o 22 de febreiro de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 26 de xaneiro ata o 22 de febreiro de 2026.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Culturgal para financiar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2025)

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Bo día a todas e a todos.



Nós imos votar a favor deste punto, pero o que si nos chama un pouco a atención é que a meirande parte dos actos relacionados con este convenio que firmamos se fan noutra provincia, na provincia de Pontevedra, e cando se fan na nosa provincia adoitan coincidir en concellos dun signo político. Entón o que pedimos é que a achega que nós facemos que redunde na nosa provincia, que se faga na provincia da Coruña e que haxa, digamos, distribución nos concellos nos que se teñen que facer. Pero en todo caso imos votar a favor. Grazas.

Sr. Presidente

A deputada de Cultura?

Sra. González Rodríguez

Perdoa, pero non é certo que se fagan só noutra provincia. Tamén hai o Culturgal expandido, que se fai aquí na provincia da Coruña; en concreto este ano foi en Ribeira e o ano pasado en Arzúa. Entón é certo que Culturgal a maior parte é en Pontevedra pero si que, por primeira vez o ano pasado e este, vaise seguir facendo e apostando para que realmente cada vez nos acheguemos máis á provincia da Coruña. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Culturgal, por importe de **48.000,00 €**, concedida para financiar a **Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2025)**, cun orzamento subvencionado de **299.500,00€**, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de febreiro de 2026.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal para financiar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2025)*



Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D/Dña. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dña. _____, en nome e representación da Asociación Cultural.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación Cultural é unha entidade sen ánimo de lucro que foi constituída no ano 2010 para dar continuidade e estabilidade a Feira que, co mesmo nome, arrancara de maneira exitosa en 2007. Forman parte de Cultural as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET), Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI).

2.- De conformidade cos seus estatutos son fins da entidade, entre outros, a organización da Feira Cultural, espazo onde as industrias culturais galegas poden presentar, amosar, promocionar e vender os seus produtos. Trátase de darlle visibilidade á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, ser un lugar de encontro das industrias culturais que favoreza e promova a cooperación e o apoio mutuo entre os seus membros.

Cultural é a feira de referencia da cultura galega; unha cita anual cuxa meta é favorecer a comunicación, cooperación e formación de redes de apoio mutuo entre profesionais, empresas e institucións do sector á vez que se facilita o contacto directo co público. Desde a súa primeira edición no 2007 constituíuse como o principal punto de encontro entre cultura e sociedade, un escaparate para as novidades artísticas e creativas no mundo do libro, o teatro, o audiovisual, a música, a tecnoloxía e a arte contemporánea.

3.- A edición do ano 2025 continua co Cultural expandido: conxunto de accións fixadas no mes de novembro en poboacións distintas á sede.

A programación expandida será a causa do asentamento de novas complicidades entre os públicos xerais e profesionais, as administracións locais e as industrias culturais rexionais, nacionais e internacionais. Servirá para enfiar novas relacións respectando o marco socioeconómico actual e para difundir propostas artísticas en distintos ámbitos espaciais e culturais exercendo como medio de intercambio entre toda a audiencia e as propostas.



A proposta para este ano 2025 é ir reducindo a distancia entre cidades, vilas e pobos, e levar o Culturgal ata localidades con carácter máis rural para apoiar a súa actividade cultural, recoñecer ese labor e facelo visible ao tempo que se leva a actividade cultural desa localidade ata a celebración en Pontevedra.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Culturgal, con CIF: G70259924, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2025)***.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Culturgal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

(624) Transportes

Servizo de Transporte	192,40
-----------------------	--------

(623) Servizos de profesionais independentes

Servizo de Fabricación e montaxe de estands e Moqueta e tarimas dos distintos espazos	101.006,64
Servizo Pantallas, iluminación, equipos de son	40.503,00
Servizo de Coordinación da produción	10.000,00
Servizo de Seguridade do recinto	7.417,30
Servizo de ambulancias	2.100,00
Servizo Plataforma dixital de venda de entradas - web	1.128,00
Servizo de Hoteis e mantenza persoal da organización e relatores	4.495,79
Servizo Plan de autoprotección	1.600,00
Servizo de Plan de prevención de riscos laborais e saúde no traballo e coordinacion de riscos	430,24
Outros gastos financiación proxecto	405,00
Servizo de Dirección e Dirección de comunicación	22.000,00
Servizo de Coordinación de expositores	6.465,17
Servizo de Administración e tesourería	7.700,00
Servizo Coordinación do Espazo Arte	7.500,00
Servizo de rexedoría e atención público	15.418,00
Servizo de Fotografía e vídeo	2.400,00



Actividades 2025	23.763,39
(627) Publicidade, propaganda e relacións públicas	
Publicidade en medios de comunicación e redes	12.163,50
Deseño da imaxe Culturgal 2025 e aplicacións	7.364,74
Gastos imprenta	7.750,10
Emisións de Culturgal TV	1.300,00
(640) Soldos e salarios	
Gastos de persoal contratado para o evento:	
(Rexedores, técnico de produción e auxiliares técnicos) .	12.454,84
(642) Seguridade social a cargo da entidade	
Seguridade Social a cargo empresa	3.249,98
(625) Primas seguros	
Seguro Responsabilidade Civil	691,91
Total orzamento	299.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **48.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 16,02671%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 16,02671% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Culturgal obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto

**RPT-6654235



efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Culturalgal

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Culturalgal, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Culturalgal deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Culturalgal

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Culturalgal unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Culturalgal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.



* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

**RPT-6654235



tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Culturalgálica deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Culturalgálica poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Culturalgálica queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

2.- Previa solicitude da Asociación Cultural, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita



xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia para o cofinanciamento da organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio coa Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia, correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, concedida para cofinanciar a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais, cun orzamento subvencionado de 28.895,00€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de febreiro de 2026.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2026 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.



Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promoven a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte feminino.

Que **a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.**

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia co NIF G27033737, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a organización do campionato galego de categorías base de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.

A Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Equipo arbitral principal e equipo arbitral auxiliar	2.580,00 €
Gastos colaboradores	1.080,00 €
Equipos de montaxe e seguridade da proba	1.920,00 €
Servizo de seguridade con embarcación náutica para o seguimento da proba	750,00 €

**RPT-6654235



Servizos sanitarios e de ambulancia	1.800,00 €
Desprazamentos de vehículos, comida e hospedaxe para o equipo de organización	6.630,00 €
Medallas e trofeos	1.935,00 €
Cartelería, publicidade, web, streaming	10.600,00 €
Seguro da actividade	300,00 €
Papelería	100,00 €
Total	28.895,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 69,2161 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,2161 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.



Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo



órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de xullo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que



se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos,



así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de outubro de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Federación de Salvamento e Socorrismo Galicia, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO para financiar o Proxecto de execución de centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 300.000,00 €, á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO para financiar o *Proxecto de execución de centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO*, cun orzamento subvencionado de 1.445.201,32 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 10 de febreiro de 2026.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026-27, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto de execución de centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO

Na Coruña, a ____ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dña _____ o/a Presidente/a da Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO é unha entidade sen ánimo de lucro e, que conforme aos seus estatutos, ten como fins, entre outros:



- Promover a defensa dos dereitos, a integración e a normalización social das persoas con dano cerebral adquirido.
- Asistir e protexer ás persoas afectadas.
- Acoller, orientar e informar a familiares.
- Promover servizos sanitarios, asistenciais, educativos, laborais, residenciais e sociais necesarios e adecuados para cubrir as necesidades das persoas que sofren dano cerebral adquirido.

2.- Que o proxecto de execución de Centro de día terá un Centro de día terapéutico cunha capacidade de 40 prazas a xornada completa que ofrecerá a infraestrutura e equipamentos necesarios para a prestación de servizo de atención a persoas afectadas de dano cerebral na modalidade de Centro de día e terá un Centro de Neurorehabilitación ambulatoria, a través dun modelo asistencial centrado na persoa.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO, NIF G15780166, para o financiamento do proxecto de execución de centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO.

O proxecto de execución de Centro de día para a Asociación de Dano Cerebral de A Coruña-ADACECO, aparece definido no proxecto realizado por Francisco Borreguero Villanueva, Arquitecto con número de colexiado 2.408.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 1.445.201,32 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	1.003.681,73
13 % Gastos xerais	130.478,62
6 % Beneficio industrial	60.220,90
IMPORTE DE EXECUCIÓN	1.194.381,26
21 % I.V.E.	250.820,06
TOTAL ORZAMENTO	1.445.201,32



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **20,75835 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **20,75835 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego .

V.- Difusión do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.



2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego .

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista **relativas a obra que se detalla no proxecto técnico.**

* **Declaración de obra completa.**

* **Fotografías** da obra realizada, dilixenciadas polo Técnico-director.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben inmovible o inventario de bens da entidade, facendo constar que o ben queda afecto á finalidade para a que foi concedida a subvención por un prazo de VINTE E CINCO anos.

* **Factura/s** expedidas polo contratista.

* **Certificación** de aprobación da/s mesma/s polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de VINTE E CINCO anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo

**RPT-6654235



máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería



de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro de 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2027**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026-27 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”



6.- Aprobación da cuarta proposta de continuidade da prestación do contrato del Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Falaba vostede antes, presidente, que a votación tradicional, como nos gusta ao PP, facía unha chanza nese sentido e permítame que faga eu outra neste momento. Isto si que é algo tradicional ou algo clásico, porque é cuarta proposta de continuidade. Nós disto temos chamado a atención reiteradamente en que nos parecía rechamante que non sacara a licitación. O outro día, na Xunta de Voceiros, é certo que me comentan que si agora está en proceso de licitación e esperemos que así sexa e, de cara ao ano que vén, que non esteamos votando a quinta proposta de continuidade de prestación.

Nós, como unha forma de deixar constancia do noso malestar por unha cuestión que vimos, nos últimos anos, protestando pola mesma, ímonos abster, se ben estamos de acordo, por suposto, que os servizos se teñen que seguir prestando. Grazas.

Sr. Presidente

Ben, para a súa información, como ben di, é dicir, o proceso de licitación está, que xa está na Mesa de Contratación e, polo tanto, como xa comentamos no seu momento, interrompeuse pola necesidade, dende o noso punto de vista do goberno de, dalgunha maneira, innovar e ser coherentes coas nosas propostas en canto a todo o que ten que ver coa implementación de accións políticas contra a perda demográfica, nos concellos. É un reto que temos que abordar coas poucas ferramentas que temos e nós a contratación de certos servizos que se poden descentralizar é unha delas. Por iso, innovar leva máis tempo, sobre todo cando non hai referencias previas que copiar. Procedemos á votación, perdón, si.

Sr. Penas Corral

Engadir que está na Mesa de Contratación, está no Comité de Expertos, que xa se ten que reunir e en principio a proposta adxudicarase a semana que vén ou a seguinte, das catro propostas que temos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Aprobar a cuarta proposta de continuidade da prestación do contrato de SERVIZO DE



TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, expediente PCO.001.2018.00207, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. con NIF A79022299, de conformidade cos pregos que reñen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos, nas seguintes condicións:

1. Prazo: dende o día 1 de abril de 2026 ata o 31 de decembro de 2026 ou, ata a data da entrada en vigor do novo contrato de Teleasistencia número de expediente PCO.001.2024.0016, se esta fose anterior.
2. Presuposto máximo: Será proporcional ao presuposto máximo anual do contrato (864.000,00 €) isto é 648.000,00 euros, distribuído en 9 mensualidades cun máximo de 72.000,00 euros mensuais.
3. Prezos unitarios: Prezos unitarios mensuais que se aplicarán ao servizo de de teleasistencia domiciliaria por persoa usuaria:

Concepto	Prezo sen IVE	IVE	Prezo IVE incluído
a) Prezo para a persoa titular do servizo de teleasistencia domiciliaria	14,35	0,57	14,92
b) Prezo para a persoa usuaria con unidade de control remoto adicional	0	0	0
c) Prezo para a persoa usuaria sen unidade de control remoto	0	0	0

4. Financiamento: a prórroga do contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0611/0611/23121/22799.

O financiamento queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio 2026."

7.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Sobrado polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de mellora enerxética na parroquia de Porta, Cumbras e Roade, Sobrado".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Sobrado **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras “de mellora enerxética na parroquia de Porta, Cumbraos e Roade, Sobrado”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.**

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Sobrado** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras “de mellora enerxética na parroquia de Porta, Cumbraos e Roade, Sobrado” cunha achega provincial de 95.814,14 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1651/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 119.767,68 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA MELLORA ENERXÉTICA NA PARROQUIA DE PORTA, CUMBRAOS E ROADE, SOBRADO.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF , representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Sobrado**, con NIF P1508100C, representado polo seu



Alcalde/sa /Presidente D. _____(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Sobrado**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... Neste caso trátase da adecuación de parte da iluminación pública no lugar de Porta, O Mesón e As Cruces do Concello de Sobrado co fin de incrementar a eficiencia enerxética no que se substituirán un total de 59 luminarias tipo VSAP por outras con tecnoloxía LED, a substitución das columnas que as sustentan e no lugar de Mesón substituirase o cadro existente o cal se atopa en malas condicións.

Coa presente actuación obteranse as seguintes melloras:

- Renovar as columnas e luminarias no lugar de Porta, O Mesón e As Cruces e o cadro do lugar de O Mesón, tanto por antigüidade como por atoparse en malas condicións.*
- Conseguir un importante aforro de consumo enerxético debido á implantación de luminarias tipo LED.*
- Mellora da iluminación existente de acordo coas especificacións contidas no REEIAE grazas á incorporación de luminarias con ópticas adecuadas á sección para iluminar.*

Considérase o carácter urxente das obras en atención a cumprir o obxectivo de mellorar a seguridade no entorno das actuacións tanto nas beirarrúas como nos viais así como o aforro do consumo enerxético. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.



Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Sobrado** con CIF P1508100C, para o financiamento da obra denominada “**mellora enerxética na parroquia de Porta, Cumbraos e Roade, Sobrado**” tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Jesús Manuel Mallo Puga, en abril 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	83.177,77 euros
Gastos xerais 13,00%	10.813,11 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.990,67 euros



IVE (21%)	20.786,13 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	119.767,68 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **95.814,14 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %** que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación 0112/1651/76201 do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

- . Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
- . Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
- . Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:



- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.



- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

- . A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
- . A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- . Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.



IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Sobrado**, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.



2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30/10/2026**, o que representa un período de vixencia de 9 meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.
3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes



técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegárase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

8.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acceso Bustabade María de Amido e outro", do Concello das Somozas incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0298.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acceso Bustabade María de Amido e outro", do Concello das Somozas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0298.0, no que se acreditan os seguintes:



ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025, en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, pola que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
As Somozas	2025.2000.0298.0	Acceso Bustabade María de Amido e outro	65.802,26	0,00	65.802,26	Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

Logo de aprobar o Concello das Somozas un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 18 de setembro de 2025 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 73.912,97 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 8.110,71 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 65.802,26 €, e que foi redactado para dar cumprimento ao requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Logo de presentar o concello a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 19 de maio de 2025, onde se autorizan as obras cunha serie de condicións e máis o informe técnico relativo ao seu cumprimento, asinado dixitalmente polo técnico redactor o 12 de novembro de 2025.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 10 de novembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Acceso Bustabade María de Amido e outro”, do Concello das Somozas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2000.0298.0, que foi redactado para dar cumprimento ao requirido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, cun orzamento de contrata de 73.912,97 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de



supervisión favorable do 10 de novembro de 2025 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 8.110,71 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello das Somozas "Acceso Bustabade María de Amido e outro" Código 2025.2000.0298.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	65.802,26	65.802,26	0,00
Concello	0,00	8.110,71	8.110,71
Total	65.802,26	73.912,97	8.110,71

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia xunto co informe técnico de cumprimento das súas condicións, considerar cumprida a condición á que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
As Somozas	2025.2000.0298.0	Acceso Bustabade María de Amido e outro	65.802,26	8.110,71	73.912,97	Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430 - 4530 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello das Somozas asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 14 de xaneiro de 2026 pola interventora do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello das Somozas para os efectos oportunos."

9.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Zas para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a



maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Zas para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Zas, en sesión ordinaria de data 30 de xaneiro de 2026 acadou por unanimidade o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Zas mediante acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2026 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación
- 2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.
- 3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda.”



10.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Boiro para a encomenda de xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Boiro para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

2. O Pleno do Concello de Boiro, en sesión ordinaria de data 18 de novembro de 2025 acadou por maioría absoluta o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.

3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".

4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.

5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.

6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Boiro mediante acordo plenario de data 18 de novembro de 2025 para encomendar a xestión material da



selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda.”

11.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a decembro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de decembro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

12.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2025, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas



operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

13.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao cuarto trimestre de 2025.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2025, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

14.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2025.

1. Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2025.
2. Dáse conta da remisión da copia da liquidación á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
3. Dáse conta da remisión da información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

15.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2025.

Dáse conta do informe da Intervención sobre o estado de execución, durante o exercicio 2025, dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2025 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

16.- Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2026 da Deputación e o seu ente dependente á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión do Orzamento do exercicio 2026 da Deputación e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) á Administración do Estado, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica



2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

17.- Dación de conta do expediente de incorporación de remanentes de crédito 1/2026, de aprobación pola Presidencia.

Dáse conta do contido do expediente de incorporación de remanentes número 1, aprobado por resolución da Presidencia número 4765 do 4 de febreiro.

18.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2026 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2026 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 106.474.829,00 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 3.423.688,98

SC. Suplementos de crédito: 103.051.140,02

Total aumentos: 106.474.829,00

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 106.474.829,00

Total financiamento: 106.474.829,00

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	2.667.010,91	0,00

B.2 Resumen por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impuestos directos	0,00



2 Gastos correntes	7.266.782,63	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	123,93	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	16.903.950,09	0,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. y o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniales	0,00
6 Inversións reais	19.941.086,30	0,00	6 Enaxenación inversións reais	0,00
7 Trans. de capital	59.695.875,14	0,00	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	106.474.829,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	106.474.829,00	0,00		106.474.829,00

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Facenda, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2026 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que

**RPT-6654235



adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

19.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña, para o desenvolvemento do proxecto "Impulsa Coruña" dentro do Programa de Fomento do Emprendemento e da Actividade Empresarial da Provincia, no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 12 de febreiro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 224.000,00 €, á Confederación de empresarios da Coruña, para financiar o desenvolvemento do proxecto “Impulsa Coruña”, cun orzamento subvencionado de 280.000,00€, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.



Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “IMPULSA CORUÑA” DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL DA PROVINCIA, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL).

Na Coruña, a de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, Don Antonio Javier Fontenla Ramil, Presidente da Confederación de Empresarios da Coruña,

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña, consideran que o impulso ao emprendemento e a consolidación empresarial é crucial para o desenvolvemento económico, social e competitivo da provincia. Esta iniciativa non só xera emprego e promove a diversificación económica, senón que tamén fortalece a economía a nivel local e provincial sendo especialmente beneficiosa para os municipios máis pequenos, xa que contribúe ao seu desenvolvemento e atrae talento e investidores.

Que ao ofrecer oportunidades laborais e empresariais en áreas rurais, fomenta que a poboación opte por quedar a vivir nestas zonas, enriquecendo así a vida comunitaria e preservando a contorna rural. O apoio ao emprendemento e a consolidación empresarial na provincia non só beneficia á provincia no seu conxunto, senón que tamén ten un impacto positivo no desenvolvemento e a sustentabilidade dos municipios máis pequenos e na retención de poboación no ámbito rural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Confederación de empresarios da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a

**RPT-6654235



Deputación da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña, NIF: G15029960, para o financiamento do proxecto “**Impulsa Coruña**” dentro do programa de Fomento da actividade empresarial na provincia cuxo obxectivo é apoiar e promocionar o emprendemento e a actividade empresarial.

O seu obxectivo é impulsar o desenvolvemento sustentable da provincia, situando ás persoas no centro, mediante a identificación de necesidades e oportunidades no tecido empresarial e emprendedor. Isto permite fomentar o crecemento económico e empresarial a través dun asesoramento e unha formación axeitados dirixidos á poboación das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra, Comarca de Ordes, Comarca das Mariñas, A Coruña, Comarca do Eume, Ortegal e Ferrol.

O proxecto ten como finalidade realizar un diagnóstico da situación actual da provincia para identificar necesidades e oportunidades nos sectores estratéxicos, fomentar o emprendemento e o crecemento empresarial, especialmente entre PEMES, micropemes e persoas autónomas, así como deseñar e implementar accións de capacitación adaptadas ás demandas reais do mercado.

Ademais, inclúe a mentorización e acompañamento de persoas emprendedoras, a xeración de entregables que impulsen novas actuacións, e o contacto con entidades financiadoras para promover proxectos viables e sustentables.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Confederación de Empresarios da Coruña levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS		IMPORTES
COMPRAS DE BENS DESTINADOS Á ACTIVIDADE		3.591,76 €
ARRENDAMENTOS		
Arrendamentos de locais	2.242,40 €	42.317,60 €
Arrendamentos plataforma, licenzas e equipamentos	40.075,20 €	
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN		2.033,87 €
CONTRATACIÓNS EXTERNAS		
Servizos de organización, dinamización de eventos/actos/mesas participativas	19.844,00 €	
Servizos de comunicación e marketing, etc.	6.050,00 €	88.993,80 €
Servizos de prospección, promoción e captación de participantes	23.199,80 €	
Orientación, tutorías e mentoring	12.000,00 €	
Servizos de formación/Docencia/Impartición	27.900,00 €	
PUBLICIDADE E PROPAGANDA		6.558,20 €

**RPT-6654235



GASTOS		IMPORTES
GASTOS XERAIS: SUBMINISTRACIÓNS		1.687,29 €
GASTOS XERAIS: COMUNICACIÓNS		738,00 €
GASTOS DE PERSOAL: SOLDOS E SALARIOS		
Persoal de coordinación	13.975,40 €	96.897,88 €
Persoal técnico de proxectos	59.724,54 €	
Persoal administrativo	23.197,94 €	
GASTOS DE PERSOAL: SEGURIDADE SOCIAL		
Persoal de coordinación	4.502,80 €	26.705,22 €
Persoal técnico de proxectos	19.385,52 €	
Persoal administrativo	2.816,90 €	
DESPRAZAMENTOS: GASTOS DE MANUTENCIÓN, AVITUALLAMENTO, VIAXES E ALOXAMENTO		2.476,38 €
PREMIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE EMPRENDEMENTO		8.000,00 €
TOTAL GASTOS		280.000,00 €
Importe cofinanciado pola Deputación Provincial (80 %)		224.000,00 €
Importe cofinanciado pola CEC (20 %)		56.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

- 1 A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **224.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%** do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.
- 2 Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
- 3 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Confederación de Empresarios da Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Confederación, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Confederación de Empresarios da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local dispoñible na web: <https://emprego.dacoruna.gal/>.
2. Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas por parte da Confederación de Empresarios da Coruña.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á Confederación de Empresarios da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación subscrita polo representante legal da Confederación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso



de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Confederación de Empresarios da Coruña na documentación achegada.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, **deberán realizarse no período dun ano desde o día seguinte á sinatura do presente convenio.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Confederación de Empresarios da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA, é dicir, do 31 de xullo de 2027.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Confederación de Empresarios da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Confederación de Empresarios da Coruña na documentación achegada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Confederación de Empresarios da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.



2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Confederación de Empresarios da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Confederación de Empresarios da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Confederación de Empresarios da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Confederación de Empresarios da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Confederación de Empresarios da Coruña serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Confederación de empresarios da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web <https://emplego.dacoruna.gal/>

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración, para os efectos de imputación dos gastos, terá efectos durante un ano **desde o día seguinte á súa sinatura**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de xullo de 2027**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Previa solicitude da Confederación de Empresarios da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data de fin de vixencia do apartado 1, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincia

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA O PRESIDENTE DA
CONFEDERACIÓN
DE EMPRESARIOS DA CORUÑA

Asdo. D. Valentín González Formoso

Don Antonio Javier Fontenla
Ramil

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martinez"

20.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal para cofinanciar o proxecto "XII Edición do Programa Emprande Xove-Minimarket".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 12 de febreiro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 6.400,00 euros, á Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal (AJE Ferrolterra), para financiar o proxecto de “XII edición do Programa Emprende Xove-Minimarket”, cun orzamento subvencionado de 10.000,00 euros, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE FERROL, EUME Y ORTEGAL PARA COFINANCIAR O PROXECTO “XII EDICIÓN DO PROGRAMA EMPRENDE XOVE-MINIMARKET”

Na Coruña, a de de 2026 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación

**RPT-6654235



da Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, deu un paso adiante no fomento do emprego a nivel provincial aglutinando diferentes estratexias dirixidas a favorecer o desenvolvemento económico, entre os cales se contemplan proxectos, en especial, aqueles que resulten de interese para a xeración de emprego e o crecemento sostible a través da execución de accións de inserción laboral para a poboación da provincia.

Que a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal (en adiante, AJE Ferrolterra) ten como finalidade a de facilitar e fomentar o emprendemento axudando aos novos empresarios a xerar negocio e lanzar os seus proxectos con éxito.

Ademáis de representar e defender os intereses profesionais dos seus membros, promove e fomenta a cultura empresarial e emprendedora na comarca coa finalidade de estimular o autoemprego e contribuír, dalgunha maneira, a mellorar a situación económica e industrial actual.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a AJE Ferrolterra consideran de grande interese para a provincia fomentar a empregabilidade dos mozos e mozas ofrecéndolles sesións formativas para que poidan deseñar o seu propio proxecto emprendedor, o cal presentarán na fase final do programa: o Minimarket.

Que a Deputación da Coruña, a través do PEL, amosa o seu apoio a aquelas accións encamiñadas ao fomento do emprego e, en particular, as dirixidas a lograr a inserción profesional de colectivos prioritarios, especialmente relevante nun contexto onde o desemprego xuvenil é unha preocupación significativa.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “XII EDICIÓN DO PROGRAMA EMPRENDE XOVE-MINIMARKET” permite contribuír a potenciar a inserción profesional xuvenil e promover unha capacitación profesional e coñecementos necesarios aos mozos e mozas para o mercado laboral actual, favorecendo directamente á redución do desemprego e ao desenvolvemento económico, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a AJE Ferrolterra acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume y Ortegal para financiar o proxecto “XII Edición do Programa Emprende Xove-Minimarket” no que logo dunhas sesións formativas aos mozos e mozas dos centros que



participan, teñen que presentar un proxecto emprendedor que será obxecto de valoración no minimarket.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A AJE Ferrolterra, con CIF G15912520 desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
SOLDOS E SALARIOS Soldos e salarios do persoal contratado en cargado de organizar e coordinar o evento	1.680,00€
TRANSPORTE Autocares para o desprazamento dos/as candidatos/as	3.120,00€
PUBLICIDADE, PROPAGANDA E RELACIÓNS PÚBLICAS Cartelería e material de promoción: creación de soportes visuais necesarios para dar a coñecer o evento e as iniciativas presentadas	600,00€
AXUDAS NON MONETARIAS Galardóns: premios para os gañadores de cada categoría, co obxectivo de recoñecer o esforzo e a innovación das propostas presentadas. Trátase duns vales regalo canxeables nos negocios asociados a AJE Ferrolterra	2.000,00€
CONTRATACIÓNS EXTERNAS (Servizos de profesionais independentes) Montaxe do espazo e infraestruturas necesarias para a realización do evento	1.900,00€
OUTROS APROVISIONAMENTOS Adquisición de produtos alimenticios destinados ao consumo polos mozos e mozas participantes no transcurso do evento.	700,00€
TOTAL PROXECTO	10.000,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **6.400,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **64,00%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 64,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que AJE Ferrolterra obteña para a mesma finalidade,



sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na páxina web <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi



presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, comprenden dende o **1 de outubro de 2025 a o 31 de marzo de 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, AJE Ferrolterra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á AJE Ferrolterra para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por AJE Ferrolterra.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. AJE Ferrolterra deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.



2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. AJE Ferrolterra destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, AJE Ferrolterra deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, AJE Ferrolterra poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, AJE Ferrolterra queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 152, do 12 de agosto de 2025).

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de outubro de 2025 e ata o 31 de marzo de 2026**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2026**.

2. Previa solicitude de AJE Ferrolterra, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que



xuridan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña
EMPRESARIOS DE
ORTEGAL

Pola ASOCIACIÓN DE JÓVENES
FERROL, EUME Y

Asdo.

Asdo.”

21.- Aprobación técnica do proxecto da obra Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira punto quilométrico 1+500 ao 2+950 (NARÓN) Programa de Sendas Peonís 2026

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar tecnicamente o Proxecto Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira, Punto quilométrico 1+500 ao 2+950 Plan de Sendas Peonís 2026 cun orzamento total de 485.065,55 € con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENT	CLASIFICACIÓN
Narón	2026.1170.0001.0	<i>Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira, Punto quilométrico 1+500 ao 2+95(Narón)</i>	6 meses	485.065,55 €	Non se exige

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira, Punto quilométrico 1+500 ao 2+950 (Narón)

3.- Expoñer ao público o Proxecto [Senda na DP 5404, Xuvia á Praia da Frouxeira, Punto quilométrico 1+500 ao 2+950 \(Narón\)](#) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.“

22.- Aprobación da relación dos Proxectos de obras de Conservación en Vías Provinciais. Plan de Acondicionamento-Conservación de Vías provinciais 2026

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Nós neste punto ímonos abster, non porque non esteamos de acordo coas inversións que se van facer, porque nos mandaron unha relación de investimentos en distintas vías provinciais ao longo da provincia da Coruña. O que si, botamos en falta un pouco unha explicación, un argumento de por que, que criterios se seguiron á hora de elixir esas vías baseadas en que criterios. Simplemente é iso. Nós o outro día na Xunta de Voceiros xa o deixei caer e si nos gustaría que se nos dese polo menos unha breve explicación de por que se fan uns investimentos fronte a outros ou demais, simplemente por iso. En todo o caso, estamos de acordo coa relación que hai; podemos botar en falta algunha, pero en todo o caso si nos gustaría unha explicación e, sobre todo, que o que se aprrobe hoxe aquí que se teña executado ao acabar o ano. Grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1.- Aprobar a relación dos **PROXECTOS DE OBRAS DE CONSERVACIÓN EN VÍAS**

**RPT-6654235



PROVINCIAIS. PLAN DE ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2026 cun orzamento total de **12.242.041,22 €** que se imputará á aplicación orzamentaria **0410/4531/61900**, integrado polos proxectos que se detallan:

	EXPEDIENTE	CÓDIGO	GRUPO	DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE
1	2026000000995	2026.1100.0001.0	1A	<u>GRUPO 1A ORTIGUEIRA</u>	203.110,53 €
2	2026000000996	2026.1100.0002.0	1B	<u>GRUPO 1B CARIÑO</u>	275.582,01 €
3	2026000000997	2026.1100.0003.0	2	<u>GRUPO 2 MAÑÓN E AS PONTES</u>	210.830,17 €
4	2026000000998	2026.1100.0004.0	3	<u>GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO</u>	306.609,84 €
5	2026000000999	2026.1100.0005.0	4	<u>GRUPO 4 FERROL E NARÓN</u>	558.750,30 €
6	2026000001000	2026.1100.0006.0	5	<u>GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS</u>	369.968,17 €
7	2026000001159	2026.1100.0007.0	6	<u>GRUPO 6 ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA</u>	514.780,85 €
8	2026000001160	2026.1100.0008.0	7	<u>GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME</u>	354.768,47 €
9	2026000001161	2026.1100.0009.0	8	<u>GRUPO 8 AS PONTES, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR</u>	272.614,73 €
10	2026000001206	2026.1100.0010.0	9	<u>GRUPO 9 OLEIROS E SADA</u>	449.988,07 €
11	2026000001207	2026.1100.0011.0	10	<u>GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS</u>	553.998,85 €
12	2026000001209	2026.1100.0012.0	11	<u>GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS</u>	471.589,53 €
13	2026000001211	2026.1100.0013.0	12	<u>GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIRÓS, CURTIS E OZA-CESURAS</u>	404.358,28 €
14	2026000001212	2026.1100.0014.0	13A	<u>GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO</u>	233.255,52 €
15	2026000001215	2026.1100.0015.0	13B	<u>GRUPO 13B BOIMORTO, MESÍA E VILASANTAR</u>	362.882,80 €
16	2026000001217	2026.1100.0016.0	14	<u>GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES</u>	446.287,25 €
17	2026000001265	2026.1100.0017.0	15	<u>GRUPO 15 ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO E TOURO</u>	429.445,30 €
18	2026000001267	2026.1100.0018.0	16	<u>GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO</u>	561.552,09 €



	EXPEDIENTE	CÓDIGO	GRUPO	DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE
19	2026000001269	2026.1100.0019.0	17	GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDA E LARACHA	450.152,48 €
20	2026000001275	2026.1100.0020.0	18	GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO	381.411,17 €
21	2026000001345	2026.1100.0021.0	19	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	145.376,65 €
22	2026000001346	2026.1100.0022.0	20	GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	203.999,65 €
23	2026000001489	2026.1100.0023.0	21	GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	386.092,77 €
24	2026000001492	2026.1100.0024.0	22	GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	415.235,89 €
25	2026000001493	2026.1100.0025.0	23	GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES	428.100,07 €
26	2026000001522	2026.1100.0026.0	24	GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA	509.372,22 €
27	2026000001523	2026.1100.0027.0	25	GRUPO 25 BRIÓN, DODRO, PADRÓN E ROIS	419.935,21 €
28	2026000001524	2026.1100.0028.0	26	GRUPO 26 AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	323.626,75 €
29	2026000001527	2026.1100.0029.0	27	GRUPO 27 BOIRO E RIANXO	296.854,77 €
30	2026000001556	2026.1100.0030.0	28	CARAMIÑAL, PORTO DO SON E RIBEIRA	463.319,09 €
31	2026000001558	2026.1100.0031.0	34	GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	260.072,39 €
32	2026000001560	2026.1100.0032.0	35	GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS	341.777,31 €
33	2026000001562	2026.1100.0033.0	36	GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	236.342,04 €
				TOTAL.....	12.242.041,22 €

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no **Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días** a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.”



ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai varias mocións. A primeira, presentada polo Grupo Popular Provincial sobre o vandalismo contra as sedes do Partido Popular.

1.Moción do Grupo Popular Provincial sobre o vandalismo contra as Sedes do PP

Os actos de vandalismo cometidos contra as sedes do PPdeG, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas, urxen a contar cun posicionamento claro en defensa do respecto institucional, do uso responsable dos espazos comúns e da convivencia democrática.

A convivencia democrática susténtase no respecto ás institucións, ás formacións políticas democraticamente constituídas e ás normas que regulan o uso dos espazos públicos e privados.

Nos últimos tempos veñen producíndose en Galicia actos vandálicos de contido ideolóxico e partidista que afectan tanto a espazos públicos como a bens privados, incluídas as sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.

Neste contexto, varias sedes do Partido Popular de Galicia foron obxecto de empapelados e colocación de carteis nas súas fachadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma, feitos que supoñen unha vulneración do dereito á propiedade, do respecto institucional e das normas básicas de convivencia cidadá. Ademais, non é a primeira vez que acontecen ataques a sedes do Partido Popular ao longo da presente lexislatura.

Este tipo de comportamentos non constitúe unha forma lexítima de participación política nin de exercicio da liberdade de expresión, senón actuacións contrarias á legalidade, ao principio de neutralidade dos espazos compartidos e ao normal desenvolvemento da actividade política nun marco de pluralismo e respecto institucional.

O ataque ás sedes dun partido político representa, ademais, un cuestionamento dos principios básicos do sistema democrático, ao dirixirse contra organizacións que canalizan a participación política da cidadanía e que forman parte esencial da arquitectura institucional dun Estado social e democrático de dereito.

O Grupo Popular xa puxo de manifesto, mediante iniciativas parlamentarias previas, a súa preocupación pola proliferación de pintadas, empapelados e outras formas de ocupación indebida de mobiliario e espazos públicos e privados, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflictividade social.

A situación ten escalado incluso, ata producirse ataques a inmobles alleos a actividade política, polo único feito de ser propiedade de militantes de determinadas formacións políticas e como sinalamento do seu compromiso ideolóxico. Actitudes propias de réximes autoritarios e afastadas do espírito democrático.

Cómpre lembrar que a liberdade de expresión non ampara a imposición simbólica nin a apropiación ilexítima de espazos alleos. A participación política debe desenvolverse sempre dentro do marco democrático e legal.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos:

1. Condenar os actos de vandalismo cometidos contra as sedes do Partido Popular de Galicia, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.
2. Rexeitar a utilización de mobiliario e espazos públicos ou privados para a colocación de pintadas, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflitividade social, por seren contrarias á legalidade e ao respecto debido á convivencia cidadá.
3. Instar a todas as forzas políticas a absterse deste tipo de prácticas e a condenalas publicamente cando se produzan, como expresión dun compromiso compartido co pluralismo político, o respecto institucional e o uso responsable dos espazos comúns.
4. Reafirmar o compromiso desta Deputación coa defensa dunha participación política respectuosa co marco democrático e legal, baseada no diálogo, no respecto ás institucións e na convivencia cidadá.

Sr. Ben Otero

Bo día de novo, grazas.

Voulle dar lectura ao texto da moción. É bastante breve, concisa, clara e penso que nos debería levar a un consenso xeneralizado hoxe aquí.

Os actos de vandalismo cometidos contra sedes do PPdG, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas, urxen a contar cun posicionamento claro en defensa do respecto institucional, do uso responsable dos espazos comúns e da convivencia democrática. A convivencia democrática susténtase no respecto ás institucións, ás formacións políticas democraticamente constituídas e ás normas que regulan o uso dos espazos públicos e privados.

Nos últimos tempos véñense producindo en Galicia actos vandálicos de contido ideolóxico e partidista que afectan tanto a espazos públicos como a bens privados, incluídas as sedes de formacións políticas democraticamente constituídas. Neste contexto, varias sedes do Partido Popular de Galicia foron obxecto de empapelados e colocación de carteis nas súas fachadas en distintos concellos da comunidade autónoma –no caso da provincia da Coruña, onde máis incidencia tiveron foi en Sada e en Santiago de Compostela–, feitos que supoñen unha vulneración do dereito á propiedade, do respecto institucional e das normas básicas de convivencia cidadá. Ademais, non é a primeira vez que acontecen ataques ás sedes do Partido Popular ao longo da presente lexislatura.

Este tipo de comportamentos non constitúe unha forma lexítima de participación política nin de exercicio da liberdade de expresión, senón actuacións contrarias á legalidade, ao principio de neutralidade dos espazos compartidos e ao normal desenvolvemento da actividade política nun marco de pluralismo e respecto institucional.

O ataque ás sedes dun partido político representa, ademais dun cuestionamento dos principios básicos do sistema democrático, ao dirixirse contra organizacións que



canalizan a participación política da cidadanía e que forman parte esencial da arquitectura institucional do Estado social e democrático de dereito. O Grupo Popular xa puxo de manifesto mediante iniciativas parlamentarias previas a súa preocupación pola proliferación de pintadas, empapelados e outras formas de ocupación indebida do mobiliario e espazos públicos e privados que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflitividade social.

A situación escalou incluso ata producirse ataques a inmobles alleos á actividade política polo único feito de ser propiedade de militantes de determinadas formacións políticas e como sinalamento do seu compromiso ideolóxico; actitudes propias de réximes autoritarios e afastadas do espírito democrático.

Cómpre lembrar que a liberdade de expresión non ampara a imposición simbólica nin a apropiación ilexítima de espazos alleos. A participación política debe desenvolverse sempre dentro do marco democrático legal.

Os acordos que traemos á aprobación hoxe aquí son os seguintes:

Primeiro, condenar os actos de vandalismo cometidos contra sedes do Partido Popular de Galicia, así como contra calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.

Dous, rexeitar a utilización do mobiliario e espazos públicos ou privados para a colocación de pintadas que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflitividade social por seren contrarias á legalidade e ao respecto debido á convivencia cidadá.

Tres, instar todas as forzas políticas a absterse deste tipo de prácticas e a condenalas publicamente cando se produzan, como expresión dun compromiso compartido co pluralismo político, o respecto institucional e o uso responsable dos espazos comúns.

E cuarto, reafirmar o compromiso desta Deputación coa defensa dunha participación política respectuosa no marco democrático e legal, baseada no diálogo, no respecto ás institucións e á convivencia cidadá.

Polo de agora, nada máis. Grazas.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Ben, desde o BNG o que queremos é comezar esta intervención cunha afirmación clara e rotunda: o BNG condena calquera ataque contra as sedes de partidos políticos, tamén condenamos os ataques ás sedes do Partido Popular en Galicia. Isto xa é o que votamos, de feito, nunha moción en setembro de 2025 que trouxo o Partido Socialista aquí a Pleno, vostedes propuxeron que se ampliase porque eles facían referencia só ás sedes do Partido Socialista, vostedes solicitaron que se ampliase a todas as sedes dos partidos políticos e iso quedou así aprobado e nós votamos a favor, estamos de acordo nesa condena. Cremos que, ademais, a violencia, a intimidación e os actos vandálicos non forman parte da nosa cultura política nin representan o sentir da inmensa maioría do



pobo galego.

As sedes dos partidos son espazos de participación democrática e atacar unha sede é atacar a convivencia e o dereito á participación política. E sabémolo ben no BNG. Sabémolo de feito moi ben as persoas que militamos no BNG na cidade da Coruña, porque a sede do BNG da Coruña foi vandalizada en dúas ocasións, tapándonos, ademais, pois toda a nosa sinalética exterior e non recordo nin un só chío do Partido Popular a ese respecto condenando aquela vandalización. E tampouco recordo o Partido Popular especialmente doído nin crítico, por exemplo, contra os ataques que recibiu unha candidata do Bloque Nacionalista Galego ao Congreso dos Deputados, Carme da Silva, que atopou vandalizados os carteis nos que aparecía a súa cara con ameazas moi graves. E o Partido Popular tampouco abriu a boca naquel momento. Polo tanto, está ben que traian esta moción a Pleno; está mal que vandalicen as súas sedes, pero vostedes, cando se trata doutros, non teñen o mesmo posicionamento.

Dito isto, tamén queremos facer unha reflexión de fondo. A democracia non se fortalece só condenando a violencia. Fortálcese garantindo dereitos, escoitando o malestar social e respondendo as preocupacións reais da cidadanía. Cando hai crispación, cando hai tensión, cando hai sectores sociais que se senten ignorados ou prexudicados por determinadas políticas, a responsabilidade das forzas políticas é canalizar ese conflito pola vía do debate, das solucións e non da confrontación.

Está moi claro que o Partido Popular, na crispación e en todo o que vostede relatou, ten un papel fundamental, é actor protagonista desa crispación política e deste ambiente que hai hoxe en día. Porque, miren, o Partido Popular está nestes momentos nunha dinámica que fai en moitas ocasións o ambiente das institucións moi irrespirábel. E só hai que ver, só hai que ver un debate no Congreso dos Deputados, e só hai que ver como se dirixen a ministros, ministras ou incluso ao presidente do Goberno.

Pero podemos comezar por esa presidenta desa comunidade autónoma que desde a tribuna do público do Congreso dos Deputados insultou o presidente do Goberno e o Partido Popular, moi lonxe, moi, moi lonxe de condenalo, o que fixo é alentar e segue alentando en todo aquel sitio que pode. Entón, eu creo que a reflexión é necesaria e non só é este caso, son mil casos nos que vostedes, incluso no Parlamento galego, ao que se dedican é a deshumanizar o adversario político. E creo que por esa vía o único que se consegue é máis, e máis, e máis crispación.

Desde o BNG, que propoñemos ou como entendemos a política? A política é a arte de darlles solucións aos problemas dos cidadáns, desde as institucións democráticas. E nós cremos que o debate ten que ser firme, ten que ser contundente, pero ten que ser respectuoso. E as diferenzas teranse que resolver efectivamente desde o diálogo, desde o debate profundísimo, porque é evidente que estamos moi lonxe ideoloxicamente do Partido Popular, pero creo que os debates se teñen que dar con respecto e temos que ter un compromiso colectivo de todas as organizacións políticas, incluso do Partido Popular, de rebaixar esa crispación e esa tensión no discurso público, abandonar esa estratexia de confrontación, de mentiras, de loiadas, etc., etc., e apostar máis polo diálogo.

Nós cremos, desde logo, que en política non vale todo, que para debater en política non vale todo. Non vale utilizar feitos illados para estigmatizar adversarios políticos, para intentar obter un certo rendemento partidista. Eu creo que hai que apostar por outra maneira de facer política. E creo, ademais, que o Partido Popular, con estas



mocións que está levando a todas partes, o que, sinceramente o opino e creo que independentemente de que votemos a favor, creo que vostedes, con estas mocións tipo, ademais, son mocións tipo que están levando a distintos lugares, eu creo que o que queren evitar, sinceramente, é falar doutros debates que hai neste país enriba da mesa. Porque vostedes está claro que non queren falar nin de Altri, nin do que pagan no Servizo de Axuda a Domicilio, nin das barbaridades que se viven nas residencias neste país e de mil cousas que están pasando, ou o que está pasando nos centros de ensino, que hoxe falaremos, ou dos recortes na atención primaria. Vostedes diso non queren falar. Queren falar do que lles está a pasar a vostedes. E eu creo que esa é a súa estratexia con este tipo de mocións. É, evidentemente, a opinión do Bloque Nacionalista Galego.

De todas maneiras, insisto en que imos votar a favor e que é o noso posicionamento. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. E, efectivamente, nós como xa trasladamos na Xunta de Voceiros imos votar a favor desta moción porque o Partido Socialista condena calquera tipo de agresión, vandalización a unha sede, agresión a calquera persoa que se adique á política, xa sexa física ou verbal.

Recentemente aprobouse tamén, como ben dicía a voceira do BNG, unha moción neste Pleno a colación da vandalización das sedes do Partido Socialista, que foi aprobada por unanimidade e polo tanto nós, como somos coherentes e demócratas convencidos, pois vamos apoiar tamén esta moción. Non sen antes incidir no que comentaba a voceira do BNG, e é que partindo da súa afirmación de que a democracia non se defende só condenando a violencia, pois efectivamente quería facer unha pequena reflexión sobre que a democracia se defende tamén non xerando crispación, non enfrontando uns cidadáns cos outros e non presentando o adversario político como pouco máis que un inimigo.

Banalizar un insulto tan grave como o que facía agora referencia no Congreso de Deputados pola presidenta da Comunidade de Madrid, chamándolle o que lle chamou ao presidente, non axuda dende logo, a que este clima poida favorecer unha situación de concordia e de entendemento e, polo tanto, eliminar este tipo de comportamentos. Máis ben ao contrario, o que fai é fomentar este tipo de comportamentos.

Pero non é só que o diga a presidenta da Comunidade de Madrid, senón que o propio líder do seu partido, o señor Feijóo, recentemente o viamos nun karaoke tamén co chiste de “me gusta la fruta”. Ou incluso –porque xa non só é o señor Feijóo– tivemos que ver no vídeo electoral do Partido Popular de Galicia do señor Rueda esta imaxe. Isto está sacado do vídeo de campaña do señor Rueda no autobús, banalizando un insulto ao presidente do Goberno en sede parlamentaria. Bueno, pois iso non axuda a que este tipo de circunstancias, ou de actitudes, que son antidemocráticas e que nós condenamos, e que loxicamente por iso digo, vamos apoiar esta moción, non se repitan.

Tampouco axuda que unha concelleira do Partido Popular vaia a un mitin a chamarlle o mesmo ao presidente do Goberno e se lle dea carpetazo ao asunto dicindo que como pediu desculpas, xa está. Eu penso que os responsables públicos temos que ter un plus en canto ao comportamento e á nosa forma de actuar con respecto ao resto dos cidadáns. Porén, esa persoa segue militando no Partido Popular sen ningún tipo de problema. Ou, por exemplo, en sede parlamentaria dicirlle ao presidente do Goberno,



chamarlle lerchán, arrogante, farsante, caudillo, mafioso, “peligro para la democracia” ou galgo de Paiporta. Galgo de Paiporta, que é importante recalcar de onde vén esa terminoloxía, que é cando o presidente do Goberno ten que ser, digamos, escoltado e sacado de Paiporta porque o estaban agredindo. Pois o señor Tellado, que é do PPdG, compañeiro seu, no Congreso de Deputados dixo que o presidente era o galgo de Paiporta, facendo chiste, porque tivo que saír de alí para evitar males maiores. De feito, non é que o foran agredir, é que o chegaron a agredir; vese como un cidadán lle arrea un pau no lombo.

Pois este tipo de comportamentos non axudan a que isto non pase. Tampouco axuda dicir que un Goberno, simplemente porque a un non lle guste ou non lle gusten as forzas políticas que o apoian nunha sesión de investidura, é un Goberno, pois como chegaron a definir vostedes, ilexítimo. Iso tampouco axuda.

Por tanto, benvidos, se con esta moción son capaces vostedes de facer esta reflexión, que debe de ser para todos. Eu tampouco comparto se quere que lle dea algún argumento do outro lado pois cando se refiren a Manuel Fraga como un fascista. Bueno, Manuel Fraga tivo unha etapa, efectivamente na ditadura, pero tamén tivo unha etapa democrática como presidente da Xunta de Galicia elixido democraticamente por todos os galegos e galegas. Por tanto, isto é un chamamento e unha reflexión xeral para todos os que nos adicamos á política, que ás veces, por desgraza para nós e para a democracia e para a sociedade, somos os nosos peores inimigos. Polo tanto, sería importante que o espírito que leva á presentación desta moción e tamén ao seu apoio por todos os grupos impere no día a día en todas as administracións públicas nas que estamos representados. Porque dende logo, a situación actual non axuda en nada, como digo, a que se eviten este tipo de situacións que a ningún de nós nos gustan. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Ben, é certo que... ben, primeiro agradecer o voto favorable de todos os grupos, non esperaba outra cousa que a aprobación por unanimidade da moción. Agradézoo. Si é certo que desde a presentación da moción do Partido Socialista ata este momento sucederon cuestións que xustifican a presentación desta moción, non? A sede de Sada foi dúas veces, dúas veces vandalizada. Unha vez, límpase todo o que deixaron alí, unha segunda vez. A sede do Partido Popular de Santiago tamén. É dicir, eu teño moi claro que nunca na miña vida asistín a unha sede doutro partido político a reprochar nada, bastante teño con ir ás miñas. E hai unha cuestión que todo o mundo debería saber: que a xente que está nas sedes normalmente son voluntarios. Alí non están grandes dirixentes habitualmente, excepto en reunións; son xente que vai traballar de forma voluntaria porque cre nunhas ideas. É un punto de encontro, unha zona onde a xente milita, se encontra, fala, contribúe, escoita, fai achegas, etc. Entón, ben, xustificar esas cuestións é complicado.

É verdade, digo unha cousa: non só condenando a violencia se exerce a democracia, pode ser. Desde logo, como non se exerce a democracia en ningún caso é exercendo a violencia. Nunca exercendo a violencia de calquera tipo se actúa ou se exerce a democracia. Eu téñoa claro, non?

Hai unha cuestión que para min penso que é importante e gustaríame que houbese un chamamento por parte de todos os partidos, as súas organizacións, ben sexan xuvenís, sindicais, etc., e que o recorden: que o espazo privado, os espazos



privados corresponden á propiedade privada e os espazos públicos son propiedade de todos nós, de todos nós. Non se poden utilizar os espazos públicos para facer pintadas, poñer pegadas, etc., etc., por moita intención que haxa de repartir ou de deixar quedar unha mensaxe. Pois ao mellor o que teñen que facer é traballar un pouco máis e repartir pola rúa pasquíns, poden dar a mesma mensaxe entregando pola rúa os pasquíns e non pegándoos nas zonas. E eu non procuro nin teño ningún interese en que ninguén poida exercer ou publicitar a súa forma de pensar, incluso se nesa forma de pensar chaman pirómanos ao meu partido e aos que militamos nel, ou nos insultan, porque, ben, estamos acostumados. Nós habitualmente non imos ao espazo privado de ninguén, nin ao público, a insultar a ninguén; iso deixámolo para outros.

En todo o caso, agradecemos que se vote a favor desta moción. Esperemos que estes actos non se volvan a repetir no futuro. E penso que hai insultos que ás veces se dan, ou insinuacións que se dan no Congreso dos Deputados, eu ás veces teño escoitado algunhas cousas que poden gustar máis ou menos, por parte de todos, eh, non só por parte duns, como se está comentando aquí, incluso na Xunta ou no Parlamento de Galicia, e tamén aquí hai acusacións e insinuacións que se fan a unha persoa por militar nun partido, que ás veces deixan caer... Nós podemos acertar ou equivocarnos, é certo, como partido político, no Goberno onde estamos, nas institucións que estamos gobernando, cometemos acertos, temos acertos, eu penso que máis, moitos máis que erros, vostedes pensarán ao revés, a xente cada x tempo vota e deposita a súa confianza, ou non, na persoa que está gobernando. Pero desde logo, nunca hai intención de prexudicar a ninguén, nunca hai intención de ir contra ninguén, e nunca hai intención de que a xente que o pasa mal o pase peor. Iso é completamente falso. Podemos acertar; ao noso xuízo si, ao seu non, ou podemos equivocarnos, ao noso xuízo non, ao voso si. Pero, desde logo, nunca hai intención de ir contra ninguén, de prexudicar a ninguén, e de facer a vida máis complicada para a xente que máis o necesita. Iso é rotunda e absolutamente falso. En todo o caso, o importante disto: agradecemos que voten a favor da moción. Grazas.

Sr. Presidente

Si, procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

“Moción do Grupo Popular Provincial sobre o vandalismo contra as Sedes do PP

Os actos de vandalismo cometidos contra as sedes do PPdeG, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas, urxen a contar cun posicionamento claro en defensa do respecto institucional, do uso responsable dos espazos comúns e da convivencia democrática.

A convivencia democrática susténtase no respecto ás institucións, ás formacións políticas democraticamente constituídas e ás normas que regulan o uso dos espazos públicos e



privados.

Nos últimos tempos veñen producíndose en Galicia actos vandálicos de contido ideolóxico e partidista que afectan tanto a espazos públicos como a bens privados, incluídas as sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.

Neste contexto, varias sedes do Partido Popular de Galicia foron obxecto de empapelados e colocación de carteis nas súas fachadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma, feitos que supoñen unha vulneración do dereito á propiedade, do respecto institucional e das normas básicas de convivencia cidadá. Ademais, non é a primeira vez que acontecen ataques a sedes do Partido Popular ao longo da presente lexislatura.

Este tipo de comportamentos non constitúe unha forma lexítima de participación política nin de exercicio da liberdade de expresión, senón actuacións contrarias á legalidade, ao principio de neutralidade dos espazos compartidos e ao normal desenvolvemento da actividade política nun marco de pluralismo e respecto institucional.

O ataque ás sedes dun partido político representa, ademais, un cuestionamento dos principios básicos do sistema democrático, ao dirixirse contra organizacións que canalizan a participación política da cidadanía e que forman parte esencial da arquitectura institucional dun Estado social e democrático de dereito.

O Grupo Popular xa puxo de manifesto, mediante iniciativas parlamentarias previas, a súa preocupación pola proliferación de pintadas, empapelados e outras formas de ocupación indebida de mobiliario e espazos públicos e privados, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflictividade social.

A situación ten escalado incluso, ata producirse ataques a inmobles alleos a actividade política, polo único feito de ser propiedade de militantes de determinadas formacións políticas e como sinalamento do seu compromiso ideolóxico. Actitudes propias de réximes autoritarios e afastadas do espírito democrático.

Cómpre lembrar que a liberdade de expresión non ampara a imposición simbólica nin a apropiación ilexítima de espazos alleos. A participación política debe desenvolverse sempre dentro do marco democrático e legal.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos:

1. Condenar os actos de vandalismo cometidos contra as sedes do Partido Popular de Galicia, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.
2. Rexeitar a utilización de mobiliario e espazos públicos ou privados para a colocación de pintadas, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflictividade social, por seren contrarias á legalidade e ao respecto debido á convivencia cidadá.
3. Instar a todas as forzas políticas a absterse deste tipo de prácticas e a condenalas publicamente cando se produzan, como expresión dun compromiso compartido co pluralismo político, o respecto institucional e o uso responsable dos espazos comúns.
4. Reafirmar o compromiso desta Deputación coa defensa dunha participación política respectuosa co marco democrático e legal, baseada no diálogo, no respecto ás



institucións e na convivencia cidadá.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, tamén do Grupo Popular Provincial, sobre a modificación do Regulamento xeral de costas.

2.Moción PP sobre a modificación do Regulamento Xeral de Costas

O pasado 4 de febreiro, o Goberno central iniciou o trámite de consulta previa para levar a cabo unha modificación do Regulamento Xeral de Costas, aprobado por o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro.

Publicou o inicio deste proceso na web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sen previo aviso ás comunidades autónomas con competencias na xestión e ordenación do litoral nin aos axentes sociais e económicos afectados.

Ademais, nesta consulta pública previa fixaron o prazo mínimo que establece a Lei para presentar achegas, polo que só se contou con 15 días para reaccionar ante este atropelo, rematando este prazo o pasado 19 de febreiro.

Así mesmo, na consulta pública previa, o Ministerio só xunta un documento moi xenérico no que non se especifica o que o Goberno de España pretende facer co litoral.

É preocupante esta falta de lealdade institucional, escurantismo e falta de transparencia, e máis se cabe nun asunto que afecta a milleiros de persoas que viven ou traballan na costa.

Galicia ostenta lexitimamente as competencias sobre o litoral galego e, por iso, non se pode permitir que o Goberno de España pretenda de xeito unilateral repetir o que xa leva intentando sen éxito desde 2018.

É por iso que o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de A Coruña, solicita o apoio de toda a Corporación provincial para adoptar os seguintes acordos:

- Manifestar o compromiso desta Deputación de defender o noso litoral porque é clave para o desenvolvemento económico e social da nosa provincia..

Solicitar ao Goberno de España:

1. Que remita á Xunta de Galicia a documentación relativa ao expediente de infracción INFR (2022) 4121, se amplíe o prazo da Consulta Pública Previa e se informe e detalle o alcance real que se require dar á modificación do regulamento de Costas para coñecer os verdadeiros efectos e, deste xeito, poder presentar unhas achegas fundadas que permitan solucionar os problemas que afectan a esta provincia.
2. Que convoque todas as reunións que sexan necesarias cos sectores afectados e particulares, de forma que non se realice una regulación fóra da realidade plasmada desde un despacho.
3. Que, en todo caso, e tal e como está a defender a Xunta de Galicia, antes de modificar o regulamento, se proceda a reformar a Lei de Costas, unha vez realizadas todas as xuntanzas precisas cos concellos e os axentes económicos e sociais afectados, para adecuar o seu contido á realidade social actual, tanto respecto dos profesionais que realizan as súas actividades en terreos de dominio público marítimo terrestre como de



particulares e asociacións que poidan estar afectadas.

Sr. Lorenzo Torres

Grazas, señor presidente. Bo día a todos e a todas. Presentamos una modificación, unha moción, perdón, mellor dito, sobre a modificación do Regulamento xeral de costas.

Como vostedes coñecen, o pasado 4 de febreiro, o Goberno central iniciou o trámite de consulta previa para levar a cabo unha modificación do Regulamento xeral de costas aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro.

Publicou o inicio deste procedemento na web do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sen previo aviso ás comunidades autónomas con competencias na xestión e ordenación do litoral nin aos axentes sociais e económicos afectados. Ademais, nesta consulta pública previa, fixaron o prazo mínimo que establece a lei para presentar achegas, polo que só se contou con 15 días para reaccionar ante este atropelo, rematando este prazo o pasado 19 de febreiro. Así mesmo, na consulta pública previa, o Ministerio só xunta un documento moi xenérico no que non se especifica o que o Goberno de España pretende facer co litoral. É preocupante esta falta de lealdade institucional, este escurantismo e a falta de transparencia, e máis se cabe nun asunto que afecta a milleiros de persoas que viven ou traballan na costa.

Galicia ostenta lexitimamente as competencias sobre o litoral galego e, por iso, non se pode permitir que o Goberno de España pretenda de xeito unilateral repetir o que xa leva intentando sen éxito desde o ano 2018. Por iso, o Grupo Provincial do Partido Popular, na Deputación da Coruña, solicita o apoio de toda a Corporación Provincial para adoptar os seguintes acordos:

Manifestar o compromiso desde a Deputación de defender o noso litoral, porque é a clave para o desenvolvemento económico e social da nosa provincia, e solicitarlle ao Goberno de España que lle remita á Xunta de Galicia a documentación relativa ao expediente de infracción que abriu Europa ao Reino de España. Que se amplíe o prazo de consulta pública previa e se informe e detalle o alcance real que se require dar á modificación do Regulamento de Costas para coñecer os verdadeiros efectos e, deste xeito, poder presentar unhas achegas fundadas que permitan solucionar os problemas que afectan a esta provincia.

Segundo, que se convoquen todas as reunións que sexan necesarias cos sectores afectados e particulares, de forma que non se realice unha regulación fóra da realidade plasmada desde un despacho.

E terceiro, que, en todo o caso, e tal como está a defender a Xunta de Galicia, antes de modificar o regulamento se proceda a reformar a Lei de costas, unha vez realizadas todas as xuntanzas precisas cos concellos e os axentes económicos e sociais afectados, para adecuar o seu contido á realidade socioactual, tanto respecto dos profesionais que realizan as súas actividades en terreos de dominio público marítimo-terrestre como de particulares e asociacións que poidan estar afectadas.

Sra. Veira González

Si, grazas. Ben, a nós chámanos moito a atención esta moción do Partido



Popular, sobre todo o ton no que presentan esta moción e o espírito da moción, que é denunciar o terríbel atropelo, a falta de transparencia e o escurantismo do Goberno do Estado á hora de intentar aprobar, de facer unha consulta previa, de facer unha consulta previa, que ademais foi o motivo polo que se tombou anteriormente o outro intento de regulamento, a ausencia dese período de consulta previa. É que manda narices que sexa o Partido Popular quen denuncie o atropelo, a falta de transparencia e o escurantismo cando vostedes aproban modificacións de lei pola porta de atrás a través da Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galiza todos os anos, todos os anos, cando fan vostedes leis que son remix doutras leis para modificar outras leis para que ninguén se entere do que están modificando.

Que sexan vostedes quen falen de atropelo, falta de transparencia e escurantismo ten tamén bastante valentía cando vostedes tamén deron un prazo moi limitado para facer, por exemplo, propostas ao anteproxecto de lei da Administración local de Galiza. E non se reuniron cos concellos para falar desa lei, non se reuniron coas deputacións para falar desa lei, non consultaron con ninguén esa lei, vostedes. E agora demandan, coma sempre, que outras administracións fagan o que vostedes non fan, que é consultar, dialogar e levar as cousas cun mínimo de consenso. Vostedes non teñen esa forma de traballar, esa forma de gobernar. É bastante valente intentar que outros si que teñan esa forma de gobernar, cando ademais estamos falando dun trámite de consulta previa onde despois hai outros mecanismos de participación, de intervención e demais.

Pero o que si vou compartir con vostedes é a preocupación, evidentemente, e as reservas que temos con que, efectivamente, se governe sobre o noso mar, sobre o noso litoral, sobre as especificidades do noso litoral desde Madrid. Iso compartímolo absolutamente. Chámanos a atención que esta preocupación a teñan vostedes agora. Non lles preocupou que Mariano Rajoy (...) a prórroga de Ence, tamén sen consultala con ninguén, así dun día para outro. Iso non lles preocupa, non lles preocupou que desde Madrid se tomase esa decisión sobre o noso litoral. Pero si, a nós si nos preocupa; preocupábanos daquela e preocúpanos agora. Preocúpanos que Galiza, que é o país ou un país dos que máis frontes litorais ten en toda Europa, e que ao final pois non teñamos realmente, pese ao traslado de competencias que pediu o Partido Popular, que non teñamos realmente soberanía para decidir sobre a nosa costa. E iso, evidentemente, nós si que consideramos que é preocupante, porque evidentemente non se pode unificar nun só regulamento de costas o que é, o que ten pasado no mar Mediterráneo, con toda esa presión urbanística que sofre o mar Mediterráneo sobre o dominio público marítimo-terrestre, e o que ten Galiza nese dominio. Evidentemente, non se pode gobernar da mesma maneira e eu creo que Galiza debería de ter soberanía para decidir sobre iso. Desde o BNG defendemos iso sempre e defendémolo agora. O que chama a atención é que o Partido Popular non o defendese noutras épocas cando gobernaba no Estado. A verdade é que é o que nos sorprende. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Empezando por algo do que se comentaba aquí, que isto é un novo exemplo da dobre vara de medir que ten o Partido Popular, como ten a pel moi fina para o que lles afecta cando lles interesa, pero non o aplica cando teñen oportunidade e acaba de dar o dato. É dicir, na recente aprobación ou anuncio de aprobación da Lei de Administración local, eu a verdade é que se quito o Goberno de España da exposición de motivos me vale perfectamente para unha moción que poida presentar eu mañá. Porque din vostedes “publicou o inicio deste proceso sen previo aviso as comunidades autónomas con competencias na xestión”. O mesmo que fixeron vostedes, ou acaban de



facen na Xunta de Galicia, sen previo aviso aos concellos nin ás deputacións, que non tivemos ningunha información nin se nos consultou a ese respecto. “Ademais, nesta consulta pública previa fixaron o prazo mínimo que establece a lei para presentar achegas”, o mesmo que acaban de facer vostedes coa Lei de Administración local.

E despois di vostede que, ben, é preocupante esta falta de lealdade institucional. Efectivamente, a nós lévanos preocupando moito tempo, de feito, temos presentado moitas mocións nese senso. Nesta Deputación, desgraciadamente, nunca contamos co apoio do Partido Popular, non? E despois di vostede que Galicia ostenta lexitimamente as competencias sobre o litoral galego e por iso non se pode permitir que o Goberno de España pretenda de xeito unilateral repetir..., claro, que é xustamente o que acaban de facer vostedes tamén coa Lei de Administración local, que é de forma unilateral decidir como se van xestionar os concellos e as deputacións, ás que, por certo, baleiran de contido para ser un mero instrumento ao servizo da Xunta de Galicia, algo que é bastante curioso, non? Vostedes que son fieis defensores das deputacións, aí non lles saíu o arrebatado.

Ben, pois iso é un exemplo de dar o dito por non dito, non? É verdade que nós compartimos a esencia da moción. É certo que hai algunhas cuestións que se di na moción na súa exposición de motivos que son rotundamente falsas. É dicir, este regulamento modifícase porque obriga a Unión Europea a modificalo, porque contravén unha directiva europea de servizos, non é por vontade do Goberno de España. E é verdade que, se non se modifica, pois este país se vai expoñer a unha sanción moi importante e moi cuantiosa da Unión Europea que teremos que pagar todos e todas. Dito o cal, podemos non compartir esa directiva europea e, polo tanto, aqueles que temos representación no Parlamento Europeo, pois solicitar que se modifique, pero polo de agora ese é o marco legal ao que todos estamos suxeitos e, por tanto, de aí a motivación do Goberno de España.

Podemos discutir, se queren vostedes, se ten que ser, como ben propoñen vostedes, creo que é no punto 2 da moción, a través dunha lei e non dunha modificación do regulamento. É verdade que, en principio, polo que trasladan do Ministerio, o fan a través do regulamento porque xa estamos en tempo de desconto para expoñernos a esa posible sanción, non hai unha maioría suficiente no Congreso dos Deputados, levaría a súa aprobación, levaría unha negociación co resto dos grupos e, polo tanto, iso atrasaría máis, como digo, a súa tramitación e modificación e adaptación á normativa europea e, polo tanto, as posibles sancións que se puideran derivar. Pero, en todo caso, iso pódollo aceptar, non?

Por iso nós queríamos centrarnos sobre todo en que o primeiro punto que propoñen vostedes no seu acordo non pode ser, non é posible, porque a normativa europea establece que este tipo de expedientes non son públicos e que non se pode facilitar información. De feito, teño aquí unha consulta que fixo unha eurodeputada, casualmente non é do noso grupo nin do seu, senón do BNG, a señora Ana Miranda, solicitando información a ese respecto e a resposta do comisario europeo foi a seguinte: “La Comisión decidió remitir a España un dictamen motivado, efectivamente ... porque la legislación de ese Estado miembro no establece la obligación de utilizar un procedimiento de selección imparcial, transparente, etc., etc. Asimismo, cabe señalar que España no está recibiendo un trato particular de la Comisión, etc., etc. La Comisión está sujeta a una obligación de confidencialidad al tramitar los procedimientos de infracción con vistas a alcanzar una solución adecuada y, por tanto, no puede divulgar el dictamen motivado ni información sobre los intercambios que mantiene con las autoridades españolas”. Isto é o



que lle dixo o comisario europeo responsable desta área á eurodeputada Ana Miranda, ante unha pregunta precisamente solicitando a información que vostedes requiren aquí que se lle remita á Xunta de Galicia. Esa é unha información que, en principio, só se pode remitir no momento en que o Estado non corrixe o incumprimento e se impón a sanción. Por tanto, o que piden neste momento agora non pode ser. Igual vostedes non o saiban, como tampouco o sabía eu ata que me preocupeí de informarme a colación da moción, non? Pero entendo que as persoas que a redactan, polo menos os compañeiros do Grupo Popular no Parlamento Europeo si o saben.

Polo tanto, nós compartindo que, efectivamente, e sendo coherentes, ademais, coa nosa postura sobre ese argumento que lle acabo de ler da Lei do solo, onde denunciámos que a Xunta de Galicia non actúa de forma transparente, non ten en conta os concellos, non dá un prazo suficiente para poder alegar a concellos e deputacións, actúa de forma unilateral impondo unha Lei da Administración local sen ter en conta aqueles aos que vai afectar, pois como loxicamente iso o denunciámos, tamén queremos ser coherentes, que penso que é algo do que damos boa mostra nesta sesión plenaria de forma recorrente. E, polo tanto, nós estaríamos dispostos a apoiar esa moción se se retira o punto 1, pero non por unha cuestión de que non nos guste, senón porque legalmente non ten cabida no ordenamento xurídico europeo. Se non, ben, pois xa veremos o que facemos. Moitas grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Gracias, señor presidente. Bueno, yo los he escuchado atentamente y ustedes han hecho una serie de reflexiones sobre cómo actúan las administraciones, cómo actúa la Xunta, cómo actúa el Estado, etc. Yo no voy a entrar ahí, solo les voy a decir una cosa: en este tema, en este tema ya se pronunció el Tribunal Supremo. El Tribunal Supremo, en su momento, anuló el reglamento que ustedes efectuaron porque se había omitido la información. Entonces, el que realmente no está dando la información necesaria o haciendo pública la información necesaria cuando hay un documento de este tipo son el Gobierno central de Madrid. O sea que yo no sé si a ninguna de las normas que elabora por parte del Gobierno de la Xunta de Galicia fue anulada por omitir el trámite de información. Creo que no, hasta el día de hoy, pero sí que en este tema sí que ya fue anulado por el Supremo.

Y otra cosa que les quiero hacer hincapié y permítanme con todo respeto, que no es lo mismo una ley que un reglamento. Las leyes se discuten en los parlamentos. Entonces, hay información previa, pero también hay discusión política y en los parlamentos y en las comisiones de los parlamentos se puede discutir y aportar por parte de todos los grupos políticos mejoras a esas leyes, para eso tenemos la representación. Cuando es un reglamento, no, un reglamento se aprueba por un real decreto sin ningún tipo de discusión. Aquí se abre esa información previa sin avisar a ninguna de las comunidades autónomas, dando un plazo muy pequeño de 15 días. Y les recuerdo que en nuestra Administración, en el Gobierno, hay una serie de organismos, organismos para coordinar, coordinar sobre todo aquellas normas que pueden afectar a las comunidades autónomas donde se pueden discutir estos temas. Y ni siquiera se convocó la conferencia sectorial con todas las comunidades autónomas afectadas por esta normativa, por esta modificación del reglamento que no es más que una modificación por la parte de atrás. Porque lo único que se está pidiendo, oiga, que se modifique la ley.

(A Sra. García Gorostizu abandona o Salón de Plenos).



Luego, respecto a si debemos o no tener conocimiento, una cosa es que haya conocimiento público de una infracción por parte de la Unión Europea y otra cosa es que haya conocimiento en las administraciones de por qué se nos está sometiendo a un proceso sancionador, que son cosas totalmente distintas. Y como hay organismos, ya digo, supraautonómicos donde se discuten esta serie de temas, ahí en esos organismos es donde se puede informar el porqué de las sanciones. Pero esto no es que sean públicas, sino que también se mantienen en privado, que es lo que dice la Unión Europea. Por eso entiendo que no se debe retirar el punto primero, porque hay que tener conocimiento, sobre todo, que son comunidades autónomas que les está afectando esta modificación, son comunidades autónomas que les puede también, por supuesto, afectar la sanción y, por supuesto, que pueden aportar, aportar en ese procedimiento sancionador, pueden aportar argumentos en contra de la sanción. Por eso creo que hay aquí una confusión respecto al alcance de lo que debe ser esta reforma. Yo les digo una cosa: las comunidades autónomas no se ha reunido la conferencia sectorial, pero sí se han reunido, el jueves pasado, creo recordar que fue en la Casa de Galicia. Todas las comunidades autónomas que se reunieron, Andalucía, Cataluña, País Vasco, Galicia, etc., mostraron la preocupación, su preocupación creciente de cómo el Gobierno de Pedro Sánchez está gestionando el dominio público marítimo-terrestre.

Todos ellos manifestaron que pedían un modelo de gestión mucho más cercano, mucho más coordinado y mucho más adaptado a la realidad de cada territorio. Y adquirieron un compromiso común de trabajar todos juntos con el Gobierno, por supuesto, del Estado, pero sobre todo pedían, pedían ellos que hubiera una mayor coordinación institucional. Nosotros lo que pedimos es algo racional, lo único que pedimos es tener conocimiento y que a la hora de reformular este reglamento no se acuda a esta figura, sino que se acuda a la modificación de la ley. Nosotros sí hemos sido un ejemplo, Galicia ha sido un ejemplo en la modificación de la ley del litoral. Tenemos una ley del litoral con competencias propias donde se han aunado y además hay unos principios básicos en cuanto a sostenibilidad, en cuanto a economía, en cuanto al respeto también a las actividades. ¿Qué es lo que se está pidiendo? Lo que se está pidiendo es cierto respeto, por supuesto, al medio ambiente, pero también respeto, por supuesto, a las actividades que se desarrollan en la costa.

Entonces, no son formas. Aquí lo que se está criticando son las formas que está utilizando el Gobierno central de Pedro Sánchez al respecto. Se está criticando ese oscurantismo, esa falta de colaboración y coordinación con las comunidades autónomas.

Por eso les ruego que hagan esa reflexión. Yo, me pareció entender que la señora Veira, el Bloque de Nacionalista Galego iba a votar a favor, no lo sé. Usted dijo que si retirábamos o no el punto primero. No vamos a retirar el punto primero porque otra de las cosas que contiene el punto primero es la posibilidad de que ese plazo que se agotó en tan poco tiempo se amplíe para que las comunidades autónomas afectadas por esta modificación del reglamento, que no deja de ser ir por la parte de atrás a regular una ley, a cambiar una ley sin debate parlamentario, sin debate político, a través de un real decreto y a través de la imposición.

Por eso nosotros, ya digo, mantenemos los puntos que hemos expresado o redactado en la moción y les pedimos a ustedes que se manifiesten al respecto y esperemos que estén de acuerdo. Que es necesario, no solo por lo manifestado por la comunidad autónoma gallega, sino por todas las comunidades autónomas afectadas en esa reunión que hubo en Madrid, que hace falta otro tipo de forma a la hora de alcanzar estas reformas que quiere hacer el Gobierno central en una ley tan importante como es la



ley de costas. Muchísimas gracias por su atención.

Sra. Veira González

Vamos ver. Non dixen que fósemos votar a favor. En primeiro lugar, vostedes non queren retirar esa parte da moción. Estámoslles explicando que non dan acceso por un motivo xurídico a esa información que nós solicitamos, pero hai unha negativa a dar esa información, entendemos que sustentada xuridicamente, e despois vostedes piden ampliar un período de consulta previa que xa rematou; un pouco raro. Entón, chega un pouco tarde tamén a moción a ese respecto.

E despois a min o que me chama a atención moitísimo é: vostedes critican, acaban de dicir que se impugnou un regulamento anterior porque non se procedeu e non houbo consulta previa, e agora que hai consulta previa vostedes critican que haxa consulta previa. Eu, paréceme complicado de cadrar todo o que vostedes están a dicir. E o que dixen é que se o Partido Popular quere camiñar co Bloque Nacionalista Galego para demandar máis soberanía para que poidamos de verdade regular sobre as nosas costas e non depender do que o Estado dite, dáme igual que sexa nun regulamento, dáme igual que sexa nunha lei, porque o problema é que desde Madrid o que se vai determinar é que determinadas instalacións que van ser igual no Mediterráneo, que van ser igual no Atlántico, que van ser igual, dá igual a comunidade autónoma onde estean e dá igual que estea o Partido Popular que o Partido Socialista, porque vai ser igual, que se queren camiñar cara a unha maior soberanía para decidir de verdade desde Galiza cales usos se lle queren dar ao noso litoral, podemos camiñar xuntos, pero vostedes non demandan iso. É o que estou dicindo, eu creo que é sinxelo, vostedes agora teñen competencias pero non teñen capacidade de decisión real.

E logo, insístolles, temos grandes diferenzas o Partido Popular e o BNG sobre o que se pode instalar ou non no dominio público marítimo-terrestre. E vostedes non son precisamente a organización política máis concienciada contra o cambio climático e que máis medidas toman precisamente para defender a nosa costa das consecuencias e causas do cambio climático. E para nós, por exemplo, é unha cuestión fundamental. Entón, vai ser moi difícil, efectivamente, que esteamos de acordo no que se ten que autorizar ou non dentro dese regulamento.

Eu o que lle digo é: se queren camiñar para demandar máis soberanía desde Galiza, estamos aquí. Pero eu creo que non é o caso. Vostedes defenden que se siga ditando esa lei desde o Estado, piden a súa modificación e ademais están de acordo, neste marco no que nos movemos. E nós cremos que non, que desde Galiza temos que ter a capacidade de decidir que instalacións hai no dominio marítimo-terrestre, no dominio público marítimo-terrestre. E hai cousas que si, nas que podemos estar de acordo que si que ten que haber e, efectivamente, hai que defender a actividade marisqueira e todo o que é a nosa cultura e a maneira que temos de vivir cara ao mar, pero vostedes cren que hai que darlle acubillo nese dominio marítimo-terrestre a outras cuestións nas que nós, evidentemente, non estamos de acordo.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, e por matizar o que anula, precisamente o Tribunal Supremo anula ese regulamento porque non houbo exposición pública, que é no punto no que estamos agora. Por tanto, é o que se está a facer agora por parte do Goberno de España.



Non é verdade, non se pode facilitar. Con base no artigo 258 do TFUE, que é o que fala da confidencialidade xeral da Unión Europea:

“El intercambio de correspondencia entre la Comisión y el Estado, ya sea a través de cartas de emplazamiento o dictámenes motivados, que sería este caso, es estrictamente confidencial para no perjudicar a las negociaciones”. O que preguntou concretamente a señora Miranda, digo por achegarlle máis argumentos, foi: hai dúas preguntas. A segunda era: “¿Puede la Comisión permitir el acceso a este dictamen motivado?”. E a resposta do comisario é: “La Comisión está sujeta a una obligación de confidencialidad al tramitar los procedimientos de infracción con vistas a alcanzar una solución adecuada y, por tanto, no puede divulgar el dictamen”. Se imos ao artigo 258 do TFUE, establece a mesma prohibición para os estados. Por tanto, o Estado non pode facilitar de ningunha maneira ese ditame. Por iso nós solicitamos que se retire ese punto ou, en tal caso, se queren vostedes emendalo dalgunha maneira, que o punto permaneza aí, pero facendo referencia á prohibición que existe ou, en tal caso, que se diga que no momento en que se lles poida achegar esa información ás autonomías lle sexa trasladada por parte do Goberno do Estado. Se o poden modificar vostedes neses termos, pois non habería maior problema. Se non, nós non podemos votar ese primeiro punto e, se non, tamén propoñemos a vostedes votar por puntos a moción, se o prefiren.

Sr. Lorenzo Torres

Vamos a ver. Yo creo que estamos aquí haciendo un debate jurídico que no corresponde a esta Corporación, que es un tema de interpretación de una normativa europea. Nosotros lo que estamos pidiendo, lo que piden las comunidades autónomas reunidas es que se les informe, al menos, de ese proceso sancionador en que se están basando para imponer las sanciones, para así poder ellos hacer alegaciones a esas sanciones, a la fundamentación de esas sanciones. O sea, esto que ustedes me están diciendo que está prohibido que se les informe, no es una información pública, es información entre administraciones y entre gobiernos.

Entonces, yo entiendo, desde luego no voy a entrar en ese debate jurídico de cómo se debe interpretar una norma, pero sí entiendo que en estos casos la interpretación tiene que ser extensiva. Entonces, una cosa es que se informe a un partido político, y otra cosa es que se informe a una Administración autonómica de un proceso sancionador por un tema que les afecta. Entonces, no vamos ahora aquí a discutir este tema porque creo que no estoy ni lo suficientemente preparado para hacerlo. Pero sí le voy a decir dos cosas al respecto: esta es la tercera vez que se intenta modificar este reglamento. Por lo tanto, se puede volver a abrir el proceso de información previa. Y no digamos en este país, que fuimos capaces de aprobar una ley de amnistía, o fueron ustedes capaces de aprobar una ley de amnistía. A través de la ley se pueden hacer muchas cosas. Con lo cual, si fueron capaces de aprobar la ley de amnistía, ¿no van a ser ustedes capaces o no van a ser capaces el Gobierno de iniciar un nuevo procedimiento o un nuevo plazo para información previa? Por supuesto que se puede hacer. Ya digo que es la cuarta vez que intentan ustedes modificar este reglamento. Lo único que piden las comunidades autónomas es, primero, estar informadas. Segundo, que puedan participar en el proceso, que puedan participar en el proceso y que haya coordinación. Y a lo mejor, en esa conferencia sectorial que no han convocado con todas las comunidades autónomas afectadas, es donde se deberían resolver este tipo de problemas.

Como comprenderán, a mí, en este momento, pedir o no que se nos entregue el

**RPT-6654235



expediente sancionador o que se nos informe del expediente sancionador no va a cambiar. Incluso, si quieren, lo cambio. No me crea ningún problema. Si ustedes creen y tienen esa formación jurídica y están muy seguros de esa interpretación, que yo entiendo que es una mala interpretación, porque si algo tiene la Unión Europea es el concepto extensivo de interpretación de la norma, sobre todo cuando estamos hablando de información a gobiernos o comunidades autónomas afectadas, que tienen que tener conocimiento. No puede ser solo el gobierno central. Porque, aparte, la Unión Europea tiene muchos organismos que tienen influencia o que tienen capacidad de participación en decisiones que puedan tomar las comunidades autónomas.

Por eso, ya les digo, si quieren, les puedo cambiar la palabra, pedir el expediente porque se les informe. No tengo ningún problema. Me gustaría que esta moción saliera adelante porque, ya digo, nos afecta a todos. Afecta al litoral gallego, afecta a muchas personas, afecta a muchas industrias y, por supuesto, también afecta al medioambiente, que hay que preservar. Pero creo que es importante que, al menos, haya un mensaje claro de esta Corporación al respecto.

Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Fernández Piñeiro

Non é unha interpretación que fagamos nós. Eu, de feito, non adoito ler, estáballe lendo, e é o que di o propio regulamento, a lei europea, non digo eu. E a interpretación en tal caso fíxoala o comisario europeo que é o responsable na materia. Polo tanto, non é unha interpretación do meu grupo nin moito menos miña. É o que di a lexislación europea. Podemos non compartilo, ou pode dicir vostede, que ten moita máis formación xurídica ca min, que se podería interpretar doutra maneira. Pero en todo o caso o que digo é: estou lendo o que di o propio artigo da lei, en “Confidencialidad general. El intercambio de correspondencia entre la Comisión y los estados miembros, ya sea a través de cartas de emplazamiento o dictámenes motivados, es estrictamente confidencial”. E o Estado é o Estado, as autonomías forman parte do Estado, pero non son o Estado, non son o Goberno do Estado. E, para máis abundamento, o propio comisario responsable dille nunha resposta por escrito a unha eurodeputada que non se pode. Polo tanto, non é unha interpretación nosa.

Benvinda sexa a súa predisposición, se queremos velo así, para modificar ese punto, en tanto que, ben, pois en tal caso que se remita a información que sexa posible dentro do marco legal que regula este tipo de procedementos e, a partir de aí, ningún tipo de problema. En todo o caso, por facer algo de pedagogía, porque aquí se fala dunha cuestión máis procedemental, non se fala do fondo do asunto. O que a Unión Europea entende que é ilegal neste procedemento é facer concesións a dedo que, digamos, era como funcionaba isto. E aquí en Galicia penso que temos exemplos sobre o tema. O señor Calvelo rise, pero non citei a ninguén. E tampouco se permiten as prórrogas automáticas, iso é o que di a lexislación europea. Se non estamos de acordo, que eu matizaría moito esa cuestión, sería bo que os nosos partidos se puxeran de acordo algunha vez e puideran modificar esa lexislación europea que, en tal caso, pode ser prexudicial para os intereses de determinados sectores na nosa terra.

E despois, xa como último, se se modifica e non hai inconveniente, tamén anunciarlles que nós traeremos unha moción instando a Xunta de Galicia a establecer un novo prazo e ampliar o seu prazo para esa Lei da Administración local. E, ademais, para que non haxa ningún tipo de discrepancia, vou revisar o audio ou a acta deste pleno e



vou utilizar os mesmos argumentos que utilizaron vostedes nesa moción para ver se nesa me apoian, aplicando ese mesmo criterio e que se teña en conta os concellos para que poidamos achegar na tramitación desa lei con esa mesma, como digo, argumentación e incluso vehemencia coa que vostede o defende, espero que nolo apoie cando nós a presentemos. En todo o caso, como é unha cuestión que non está directamente relacionada co punto, se se modifica neses termos que acabo de falar, nós votaremos a favor da moción. Moitas grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Sí se aceptaría, en principio, la modificación en el punto primero de que se informe, dentro de la posibilidad legal, respecto al expediente sancionador contra España, contra el Reino de España.

De todas formas, una pregunta: aparte, es que no entendí muy bien. ¿Va a traer usted una moción para hablar de la ley de Administración pública o va a querer aquí meter una?

Sr. Presidente

Non, non. No futuro.

Sr. Lorenzo Torres

No, porque es que yo creo que a nadie me entendió la diferencia, que aquí estamos hablando de un reglamento, no de una ley. El reglamento no tiene debate político. Se aprueba por un real decreto. La ley tiene un debate político en los parlamentos, es cosa distinta. Y ahí sí se puede hacer, por supuesto, aportaciones de todas las fuerzas políticas.

Sr. Fernández Piñeiro

Pero só se me permite, eu non digo que falte debate no Parlamento. Digo que se teñan en conta os concellos, que non temos representación como tales no Parlamento. Os concellos non estamos representados, están os partidos políticos. Pero, lóxicamente, se eu aprobo unha lei que afecta a un sector, que é o que din vostedes aquí, o normal é que se teña en conta os afectados desa lei para que poidan dicir o que lles parece. Porque esa lei, desde logo, cos concellos non se falou. E, ben, entendo que independentemente do partido ao que un pertenza, pois iso non é moi lóxico. Pero, ben, é un debate que teremos no seguinte Pleno.

Sr. Presidente

Ben, pois procedemos, polo tanto, á votación da moción con esa modificación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados/as (13 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 7 deputados/as (6 do BNG e 1 do PP – en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).



Sr. Secretario

Abstención tamén da deputada García Gorostizu, que saíu dentro do debate e non está de volta na votación.

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción PP sobre a modificación do Regulamento Xeral de Costas

O pasado 4 de febreiro, o Goberno central iniciou o trámite de consulta previa para levar a cabo unha modificación do Regulamento Xeral de Costas, aprobado por o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro.

Publicou o inicio deste proceso na web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sen previo aviso ás comunidades autónomas con competencias na xestión e ordenación do litoral nin aos axentes sociais e económicos afectados.

Ademais, nesta consulta pública previa fixaron o prazo mínimo que establece a Lei para presentar achegas, polo que só se contou con 15 días para reaccionar ante este atropelo, rematando este prazo o pasado 19 de febreiro.

Así mesmo, na consulta pública previa, o Ministerio só xunta un documento moi xenérico no que non se especifica o que o Goberno de España pretende facer co litoral.

É preocupante esta falta de lealdade institucional, escurantismo e falta de transparencia, e máis se cabe nun asunto que afecta a milleiros de persoas que viven ou traballan na costa.

Galicia ostenta lexitimamente as competencias sobre o litoral galego e, por iso, non se pode permitir que o Goberno de España pretenda de xeito unilateral repetir o que xa leva intentando sen éxito desde 2018.

É por iso que o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de A Coruña, solicita o apoio de toda a Corporación provincial para adoptar os seguintes acordos:

- Manifestar o compromiso desta Deputación de defender o noso litoral porque é clave para o desenvolvemento económico e social da nosa provincia..

Solicitar ao Goberno de España:

1. Que remita á Xunta de Galicia a información que sexa posible dentro do marco legal relativa ao expediente de infracción INFR (2022) 4121, se amplíe o prazo da Consulta Pública Previa e se informe e detalle o alcance real que se require dar á modificación do regulamento de Costas para coñecer os verdadeiros efectos e, deste xeito, poder presentar unhas achegas fundadas que permitan solucionar os problemas que afectan a esta provincia.

2. Que convoque todas as reunións que sexan necesarias cos sectores afectados e particulares, de forma que non se realice una regulación fóra da realidade plasmada desde un despacho.

3. Que, en todo caso, e tal e como está a defender a Xunta de Galicia, antes de modificar o regulamento, se proceda a reformar a Lei de Costas, unha vez realizadas todas as xuntanzas precisas cos concellos e os axentes económicos e sociais afectados, para adecuar o seu contido á realidade social actual, tanto respecto dos profesionais que realizan as súas actividades en terreos de dominio público marítimo terrestre como de



particulares e asociacións que poidan estar afectadas.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG, relativa ao cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas.

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No ámbito da atención á diversidade, a situación resulta especialmente preocupante. Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) que está a impedir garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Esta carencia non responde a feitos puntuais nin a situacións sobrevidas, senón a unha ausencia de planificación e de vontade política por parte da Xunta de Galicia, que ano tras ano mantén rateos insuficientes, profesorado compartido entre centros e retrasos inxustificables na cobertura de prazas, mesmo cando existen informes e ditames que acreditan as necesidades reais do alumnado.

A situación afecta a centros educativos de toda a provincia, de norte a sur e de leste a oeste, tanto no rural como nas vilas e cidades. Existen exemplos reiterados de retirada de profesorado de apoio compartido, de centros que carecen de profesionais de PT e AL malia contar con alumnado con ditame recoñecido, ou de centros nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada por falta de recursos humanos mínimos.

Esta realidade contradí de maneira frontal o discurso oficial da Xunta de Galicia sobre inclusión educativa e atención individualizada, e supón unha vulneración dos dereitos do alumnado máis vulnerable, que precisa máis apoio e máis recursos para desenvolver plenamente as súas capacidades en igualdade de condicións.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia de Rueda ostenta a competencia plena en materia educativa e, polo tanto, ten a obriga legal e moral de garantir un ensino público de calidade, inclusivo e non discriminatorio, dotando os centros dos profesionais necesarios para atender adecuadamente a todo o alumnado.

En resumo, resulta imprescindible o cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas, con medidas inmediatas e estruturais, que permita reforzar os cadros de persoal de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e dar resposta ás demandas reiteradas da comunidade educativa.



Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. O pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

a. Cumprir a lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, garantindo que todos os centros educativos públicos da provincia dispoñan dos recursos humanos necesarios para dar resposta axeitada ás necesidades do seu alumnado, conforme o disposto na Lei orgánica de educación e na normativa galega de aplicación.

b. Cubrir de maneira inmediata e efectiva todas as prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) vacantes nos centros educativos públicos da provincia, garantindo que ninguén quede sen a atención especializada que lle corresponde.

Sr. Fernández Piñeiro

Voulle dar lectura á exposición de motivos, que penso que non é moi longa.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado un ano máis por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera Goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin un progreso colectivo.

No ámbito da atención á diversidade, a situación resulta especialmente preocupante. Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado de pedagogía terapéutica (PT) e de audición e linguaxe (AL), que está a impedir garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta carencia non responde a feitos puntuais nin a situacións sobrevidas, senón a unha ausencia de planificación e de vontade política por parte da Xunta de Galicia, que ano tras ano mantén rateos insuficientes, profesorado compartido entre centros e atrasos inxustificables na cobertura de prazas, mesmo cando existen informes e ditames que acreditan as necesidades reais do alumnado.

A situación afecta a centros educativos de toda a provincia, de norte a sur e de leste a oeste, tanto no rural como nas vilas e cidades. Existen exemplos reiterados e de retirada de profesorado de apoio compartido, de centros que carecen de profesionais de PT e AL, malia contar con alumnado con ditame recoñecido, ou de centros nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada por falta de recursos humanos e mínimos. Esta realidade contradí de maneira frontal o discurso oficial da Xunta de Galicia sobre a inclusión educativa e a atención individualizada, e supón unha vulneración dos dereitos do alumnado máis vulnerable, que precisa máis apoio e máis recursos para desenvolver plenamente as súas capacidades en igualdade de condicións.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia e de Rueda ostenta a competencia plena en materia educativa e, polo tanto, ten a obriga legal e moral de garantir un ensino



público de calidade, inclusivo e non discriminatorio, dotando os centros dos profesionais necesarios para atender adecuadamente a todo o alumnado. En resumo, resulta imprescindible o cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas, con medidas inmediatas e estruturais que permitan reforzar os cadros de persoal de profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, e darlles resposta ás demandas reiteradas da comunidade educativa.

Por todo o exposto, presentamos os seguintes acordos:

Primeiro e único, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a cumprir a lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, garantindo que todos os centros educativos públicos da provincia dispoñan dos recursos humanos necesarios para dar resposta axeitada ás necesidades do seu alumnado, conforme o disposto na Lei orgánica de educación e na normativa galega de aplicación.

b) Cumprir de maneira inmediata e efectiva todas as prazas de profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe vacantes nos centros educativos públicos da provincia, garantindo que ninguén quede sen a atención especializada que lle corresponde.

Como se di na exposición de motivos, isto non é unha cuestión puntual, senón que, de feito, penso que xa presentamos un par de mocións máis sobre esta cuestión ao inicio doutros cursos e, desgraciadamente, seguimos nas mesmas, cun exemplo de falta de compromiso coa efectiva integración nos centros educativos das persoas con necesidades e, polo tanto, da sensibilidade que iso require para quen toma esas decisións. Por tanto, unha vez máis, facéndonos eco daquilo que se nos traslada dende as comunidades educativas, dende as ANPA e as persoas que están a padecer directamente esta situación, que son os pais e as nais deses alumnos e alumnas, pois volvemos a traer esta moción ao Pleno da Deputación, esperando contar co apoio de todos os grupos, tendo en conta a importancia e a relevancia do tema, que é do que se trata.

Polo tanto, ben, como a exposición de motivos era bastante clara e os acordos tamén, reservo se hai algún tipo de intervención despois para responder. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Veira González

Si, pois efectivamente hoxe traemos a este Pleno unha cuestión que non é nin secundaria nin accesorio. Falamos da atención á diversidade no ensino público. Falamos de igualdade de oportunidades. Falamos de dereitos. E por desgraza temos que falar das graves deficiencias da Xunta de Galiza, do Partido Popular, nesta materia.

Desde o BNG levamos anos advertindo de que a inclusión non pode ser un lema baleiro, unha declaración retórica nunha lei ou nun discurso no Parlamento galego. A inclusión constrúese con recursos, con planificación e con vontade política. E o que estamos a ver é xusto o contrario: recortes encubertos ou non tan encubertos, falta de profesionais especializados e unha sobrecarga insoportábel para os equipos docentes. Nos centros públicos do noso país faltan especialistas en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe, faltan orientadoras e orientadores, faltan coidadoras e coidadores e falta persoal de apoio. Hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



que non recibe as horas de atención que precisa. Hai crianzas con trastorno do espectro autista, con diversidade funcional, con dificultades específicas de aprendizaxe que ven como os seus dereitos dependen da capacidade de resistencia dun claustro exhausto. A ratio non se reduce, as substitucións non se cobren con axilidade e os informes psicopedagóxicos acumulan atrasos inaceptables.

Mentres tanto, o Partido Popular, desde a Xunta de Galiza, presume de cifras globais que agochan a realidade máis dura das aulas. Desde o BNG, o que defendemos é un modelo de escola pública galega verdadeiramente inclusiva. Iso implica incrementar de maneira estrutural os cadros de persoal especializado, garantir a estabilidade para que haxa continuidade na intervención educativa, reducir ratios nas aulas con alumnado con necesidades específicas de atención educativa e dotar os centros de máis autonomía e máis recursos. Pero tamén implica algo fundamental: entender que a diversidade non é un problema. Non é un problema a xestionar, senón unha riqueza a acompañar. A inclusión non pode depender da boa vontade das familias nin do sobreesforzo do profesorado, é unha obriga das administracións públicas.

Por iso, pedímoslle a este Pleno que inste a Xunta de Galiza a reforzar de inmediato todos os recursos de atención á diversidade no ensino público. Porque, cando falla a atención á diversidade, non falla só un servizo, falla o principio de igualdade. E nós, como representantes públicos, temos a responsabilidade de non mirar cara a outro lado, senón de implicármonos. Porque en realidade o que está a pasar hoxe en día é, efectivamente, que falla ese principio de igualdade. Que a xente, se ten algo de cartos, xa non digo que sexa millonaria ou que teña salarios elevados, senón que teña algo de cartos, ao que se dedica é efectivamente a buscar profesionais, a buscar o apoio que lle falla no ensino público. E, se non os ten, os nenos e as nenas quedan atrás. E para evitar todo isto deberían estar os servizos públicos e deberíamos estar as administracións públicas e os servidores públicos fornecendo ese servizo aos nenos e nenas que máis o precisan. E iso é o que está a fallar na escola pública en Galiza. Nada máis.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, compañeiros deputados e deputadas, volven traer hoxe a Pleno unha moción sobre educación, que é un tema, sabemos que sensible, pero é un tema que aos que levamos toda a vida dedicándonos ao mundo educativo, pois nos alegra que se discuta realmente, non?, porque somos conscientes de que a educación, como din vostedes na súa exposición de motivos, debe ser unha prioridade de calquera Goberno. Por tanto, é un gusto ter a oportunidade de dialogar, aínda que sexa con discrepancias, sobre un tema tan esencial.

Agora ben, unha cousa é que a educación teña que ser unha prioridade dos gobernos e que, por tanto, se deban promover políticas educativas públicas ambiciosas, e outra cousa é facer política coa educación. E ao meu ver, isto é o que queda de manifesto nesta moción que acaban de presentar. É unha moción feita a base de xeneralidades. A señora Veira criticaba antes as mocións tipo do Partido Popular, abonda ver esta moción que nos presentan, é unha moción tipo que realmente está feita a base de argumentos bastante simplistas. E facelo ademais nun ámbito concreto tan relevante como é a inclusión e a atención ao alumnado con necesidades específicas.

Eu non me quero estender demasiado e por iso me vou centrar en responder as cuestións que afectan máis directamente á súa proposta de acordos, e que teñen como punto central demandar máis recursos humanos, especialmente profesores de PT e AL,



para atender o alumnado con necesidades específicas.

Pois ben, somos conscientes de que todo o que se faga na educación vai ser insuficiente, especialmente se nos referimos á cuestión da inclusión. Pero, aínda así, e por moito que se critique ou se intente construír outro relato, si hai datos que eu creo que son relevantes e que dan mostra de que con todos os límites se está facendo un traballo bastante importante en Galicia. Abonden, como exemplo, os seguintes datos: actualmente no sistema educativo temos uns 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade, case o dobre que hai non tantos anos. En 15 anos duplicouse o número de especialistas de PT e AL e duplicouse o número de coidadores desde 2009. É certo que hoxe hai máis necesidades que hai 15 anos, debido a diversos factores nos que aquí non podemos entrar. Ao final, tamén o mundo educativo reflicte en gran parte o que é o mundo social, como hai moitos anos dicía Unamuno nun escrito sobre a educación superior en España. Pero non é menos certo que tamén se duplicaron os recursos específicos e tamén os xerais. Porque non hai que esquecer que, tal como recolle a orde de atención á diversidade, a atención ás necesidades educativas lle corresponde tamén a todo o profesorado, e a día de hoxe temos máis de 31.000 profesores no sistema educativo. É dicir, máis profesores que nunca cando nunha década o sistema perdeu 20.000 alumnos. Máis profesores a menos alumnos.

Significa isto que todo está feito e que podemos ser autocompracentes? Evidentemente non, e os que temos nenos en idade escolar, aínda menos, pero tampouco creo que teña sentido ser profetas de calamidades, máis cando os datos din outra cousa. Somos a comunidade máis inclusiva de España, co 93,3% do alumnado con necesidades educativas específicas matriculado en centros ordinarios. Estamos bastante por enriba da media nacional en capacidade de detección. Temos un dos mellores rateos de alumnos por profesor en centros de educación especial para aquelas familias que opten por ese sistema. E tamén estamos á cabeza en equidade, tal e como din diversos informes, por exemplo o informe PISA. A todo isto, hai que engadir un feito que tamén é relevante é que neste curso a Xunta de Galicia deu un paso máis no proceso de asignación mediante a creación dunha comisión técnica co obxectivo de ofrecer transparencia, garantías e certezas en todo o proceso. Isto significa que o reparto de recursos non se fai con criterios políticos, senón con criterios técnicos por parte de expertos que aseguran un uso correcto e xusto dos recursos públicos.

Poñer isto en cuestión e falar de recortes na educación na atención á diversidade, eu creo que é minusvalorar, por non dicir menosprezar, o traballo dos expertos que se dedican á educación dos nosos nenos e nenas. Tanto é así que hai outro dato que tamén cómpre ter en conta. É o referente aos catálogos que foron elaborados xa no bipartito e están ben nun contexto de moito máis alumnado e que por iso neste momento podemos dicir que son bastante folgados, non? E aínda así temos hoxe preto de 300 profesionais de PT e AL por enriba de catálogo. E por iso eu, cando falan de cumprir a normativa, non entendo moi ben a que se refiren.

En definitiva, con todos os límites e marxes de mellora que seguramente sempre existen, incluso tamén recoñecendo posibles disfuncións concretas que se poden dar, de feito, probablemente nalgún concello os vimos, eu mesmo no colexio onde levo a dúas das miñas nenas, pois chamamos a Inspección para que viñera ver o que estaba sucedendo e resolver a situación, pois, a pesar diso, eu penso, ou pensamos que a súa moción non se axusta á situación real da educación inclusiva en Galicia, e que creo que piden cousas que carecen de sentido neste momento e, polo tanto, o noso voto vai ser en contra. Moitas grazas.



Sra. Veira González

Eu, intentando ser o máximo respectuosa posible, paréceme complicado que o deputado que acaba de defender a postura do Partido Popular viva no mesmo país ca min. Ou vostedes só se reúnen coa xente que lles dá a razón ou non o comprendo, de verdade que non comprendo a súa intervención.

Isto non é unha moción tipo, isto é unha moción que resulta dos milleiros de encontros que temos con ANPAS, con equipos directivos que están ata arriba, con pais e nais que están ata arriba, que non poden máis, que teñen que sacarse de todo para poder atender os seus fillos con necesidades educativas especiais e con necesidades especiais de atención educativa que non garante a Xunta de Galiza.

Mire, é que lle podo poñer dous casos que me son moi próximos e que coñezo. Mire, no colexio Concepción Arenal da Coruña, 500 nenos e nenas matriculados, 80 teñen necesidades especiais. A Xunta de Galiza ten alí unha orientadora que está de baixa e tardaron en substituíla, dous profesionais de audición e linguaxe que, claro, a Xunta dirá que está cuberto ese centro, pero que están facendo os profesionais de audición e linguaxe que a Xunta lle ten asignados a ese centro? Un é o director e outro é o persoal de apoio de infantil. Entón, aí xa estaría cuberto audición e linguaxe? Creo que non, eh? Creo que non. Porque un director non pode estar atendendo as dúas cousas e a persoa de apoio tampouco, non se pode dar con calidade o servizo con dúas profesionais de pedagogía terapéutica e con dúas coidadoras, perdón, con unha. Porque, despois de saír a protestar o colexio á rúa pola falta de atención a estas persoas, quitáronlle unha coidadora. E o problema é que a Xunta de Galiza o que fai con este tema é que cando tapa a cabeza quédanlle os pés a descuberto e cando tapa os pés quédalle a cabeza a descuberto porque o que fai é ir cambiando. Agora protestan aquí, vai a coidadora para alá. Ui, que me protestan alí. Ah, pois teño que cambiar a coidadora. Ah, non, é que ti só tes media profesional de audición e linguaxe. Como media? Que me toca a cabeza ou os pés? Cando ademais vostedes o que designan é unha persoa en Monte Alto na Coruña, media xornada, ou a metade do tempo e noutro lugar ben afastado, outra parte da súa xornada. E así se dá cada vez menos atención á xente e cada vez a xente vai quedando máis tirada. E iso é o que está pasando. E pódolle falar doutros milleiros de centros no país nos que está pasando, que pasan dun ano para outro e se reducen os profesionais. E estanse a reducir, e iso vivímolo todos os días. E, cada vez que te reúnes co persoal de dirección dun centro educativo, díto, e tamén os pais e nais.

Iso é unha realidade. Vostedes, de verdade, que me custa de verdade entender como se pode defender así o posicionamento do Partido Popular porque non é real o que están dicindo vostedes. Evidentemente non vamos poñer aquí todos os casos que hai no país, pero é a realidade pura e dura, máis dura, que viven as persoas que teñen necesidades especiais e a situación na que están no ensino público, que non poden máis, que cada vez se coñece máis xente que saca dos centros ordinarios e os meten en centros especiais ou que fan media xornada en cada un porque non poden máis, porque os cadros de persoal dos colexios non poden máis e non dan atendido. E iso é responsabilidade de quen ordena e de quen debería, debería de poñer orde sobre todo isto, que é o Partido Popular e a Xunta de Galiza. E si hai ideoloxía detrás de todo isto. Claro que hai ideoloxía e claro que hai un partido político que é o Partido Popular, que non lle importa nada a atención á diversidade. Que en realidade o que pensan é que cada un se apañe, cada un se apañe co que ten. En realidade é iso o que hai detrás de todo isto. E, desde logo, desde o BNG non o imos consentir e imos seguir denunciando todo isto e imos seguir acompañando todos os pais e nais, que non teñen evidentemente



ningún interese en mentir e en dicir que non hai os recursos; é que non os hai, e que é facilmente comprobábel. Entón, ben, gustaríanos que o Partido Popular recoñecese a realidade, pero vese que non é posíbel.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, se colleramos unha videoacta do ano 20, do 21 ou do 24, onde trouxemos mocións solicitando o mesmo, o argumentario era exactamente igual. É dicir, hai moito que se fixo, estamos mellor que outros, cuns datos que, ben, habería que ver se son así ou non. É verdade que hai cousas que son mellorables, é verdade que hai cousas que están ben, pero a moción vótolla en contra. Home, pois, se efectivamente hai cousas que son mellorables e hai cousas que non están ben, esta é mellorable e non está ben, non entendo por que vota vostede en contra. É un pouco contradictorio, non? Porque outra cousa é que vostede me dixera: “Non, mire, está todo perfecto e a educación en Galicia vai como un canón e aquí sobra xente para traballar”. Bueno, pois vale, pois eu non estou de acordo, pero non hai contradición na súa exposición de motivos. Pero, claro, dicir que todo vai ben, pero que, efectivamente, se pode mellorar e que hai cousas tal, pero despois votar en contra da moción que pide que se mellore. Na moción non di que toda a política educativa da Xunta sexa un desastre, iso non di en ningún sitio. Vostede argumentou baseándose nesa afirmación que aquí non está. Aquí fálase dunha cuestión concreta, pero non é unha cuestión concreta que nós nos saquemos da manga porque si é unha cuestión concreta que nos trasladan as ANPA e as comunidades educativas do centro de Andrade, que neste caso é en Pontedeume; no de Ponzos en Ferrol; no centro de Muxía, no CEIP dos Postes en Santiago; con anterioridade nas ANPA dos colexios de Rianxo; na Pedra da Guía, en Camariñas; no CPI de Cruz do Sar en Bergondo. É dicir, isto é unha cuestión xeneralizada, de falta de persoal neste caso, de PT e de AL, non é unha cuestión que nos esteamos inventando nós. Polo tanto, compartirá vostede comigo que hai esa necesidade. De aí que non entenda cal é o problema de pedirlle á Xunta que mellore, se vostede mesmo recoñece que é mellorable. Pois entendo eu, aplicando ese refrán tan castelán: “Que lo que abunda no daña”. Ninguén na Xunta vai perder o seu traballo, nin o van a sacrificar porque fagamos esta petición dende aquí. E vostedes levan, vostede, digo vostedes porque non é vostede, porque no ano 21 vostede non estaba, ou no 20, se mal non recordo, non sei, pero non defendía esas mocións, e o argumentario era exactamente o mesmo que di vostede. Seis anos despois seguimos coas familias demandando un servizo, como ben dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, isto non é pedir un conserxe ou limpeza. Estamos a falar de persoas que teñen necesidades moi específicas e que ademais a súa situación afecta gravemente ás súas familias. Polo tanto, xa non só é unha cuestión política ou se o quere ver incluso vostede ideolóxica, é unha cuestión de humanidade, de ter a capacidade de poñerse no pelexo daqueles que teñen unha situación familiar moi complexa, derivada desta realidade e, polo tanto, trátase de pedirlle á Xunta nada máis. Aquí non dicimos que... é máis, se quere vostede, eliminamos a exposición de motivos por se hai algo que non lle gusta. Centrémonos só nos acordos da moción. Cal é o problema? Acabamos de darlle exemplo. Nós, hai dez minutos escasamente, apoiamos unha moción do seu grupo onde se lle exige algo ao Goberno de España. Non hai ningún problema. A min non me chamou ninguén polo de agora do partido para tirarme das orellas. Ese é un exemplo de responsabilidade, que os que estamos aquí temos que defender os que representamos, por enriba do noso partido. Pero dese lado nunca vexo esa mesma responsabilidade, xamais. Iso non quere dicir que nós votemos sempre en contra que vostedes reclaman cousas ao Estado, hai veces que non, porque non compartimos, pero outras veces si, pero é que dese lado xamais. E, como digo, propóñolle a vostede: eliminamos a exposición de motivos, centrémonos única e exclusivamente nos dous acordos da



moción, non sei cal é o problema. Se, como di vostede, hai cousas que son mellorables e se, como di vostede, fan as cousas tan ben, home, pois alguén que ten a capacidade de facer as cousas tan ben poderá mellorar isto, non? Ou, polo menos, os que estamos aquí defendendo os nosos veciños e veciñas e os veciños de todos estes concellos que poden ser en Carnota, estou vendo aquí agora en Tordoia, en Vedra, en Teo... Un montón de concellos e non todos do Partido Socialista ou do BNG, algúns tamén do Partido Popular. Pois digo eu que poderemos facer esa petición á Xunta, nada máis, home. A ver se temos sorte e desta vai. Moitas grazas.

Sr. Caamaño López

Moi breve. Home, dicir que non nos importe a atención á diversidade e que todo é ideoloxía, señora Veira, creo que é algo exaxerado. Nós recoñecemos que pode haber casos en diversos colexios de disfuncións, como dixer, pero iso creo que non pode levar a converter iso en regra. De feito, cando... É dicir, eu creo que hai un intento escrupuloso por cumprir a normativa, por cumprir os rateos e por cumprir o catálogo de servizos. Nós tamén nos reunimos coas ANPA, nós tamén formamos parte das ANPA, tamén falamos con directores de colexios. E, cando algo non funciona, o que temos que facer é denunciar no sitio oportuno para ese tipo de cousas, chamando a Inspección ou a quen teñamos que chamar.

Vostede, señor Fernández, fáleme dos argumentarios, non sei cales eran os argumentarios do 2021, que son os mesmos, dúdoo. Por regra xeral, a min non me fai falta que me fagan moitos argumentarios, aínda que, certamente, cando son de datos, gústame manexalos e analizalos dos argumentarios que nos poidan pasar. Entre outras cousas, por unha razón que creo que é moi importante, e é porque é mellor utilizar eses argumentarios con datos contrastados de informes antes que dicir calquera barbaridade ou simplismo que un poida encontrar buscando en páxinas de Google, como moitas veces ten feito vostede en diversos temas. Moitísimas grazas e nada máis.

Sr. Presidente

Brevemente.

Sr. Fernández Piñeiro

As palabras que un utiliza cando fala soen dicir moito da súa intención, e do que pensa realmente. E é curioso que chámalle vostede a isto disfuncións, que é unha cousa así moi etérea, moi... son disfuncións. É dicir, isto está todo moi ben, pero hai unha serie de disfuncións. Bueno, eu aquí acabo de anotar algúns, teño o Monte dos Postes en Santiago, Adrade, Ponzos en Ferrol, en Muxía o Mar de Fóra en Muxía tamén, Francisco Vales en Betanzos, Agra II... Bueno, aquí teño tranquilamente uns 12 ou 15 centros educativos, pero así de... E estes son de reunións que mantivemos nós, eh? Non o busquei en Google. De reunións que mantivemos nós coas ANPA e con comunidades educativas, 15 en nada, dous minutos que dura a súa intervención. Se me dá media hora, seguramente teña moitos máis. Por tanto, cal é o problema? Non me deu ningún argumento. De feito, fíxenlle unha proposta moi concreta que non contestou vostede, que é: eu elimino a exposición de motivos; e máis, incluso, se quere, emendo os puntos. E digo que a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias e capacidades, adopte as medidas necesarias, incluso se quere, acéptolle a terminoloxía, para resolver as disfuncións existentes nos distintos centros educativos da provincia no referido á ausencia de PT e AL, esa é a miña proposta de emenda. Emendo toda a moción e a



centramos unicamente neste punto, para que vexa vostede que nin é unha moción tipo que lle estou facendo aquí para vostede agora mesmo, incluso asumindo parte do seu discurso. A ver que me di agora, a ver se teño sorte. Eu xa sabe que son un optimista recalcitrante, non tiro a toalla.

Sr. Presidente

Brevemente.

Sr. Caamaño López

É que non sei o sentido... É dicir, cando falamos de PT ou AL, é que está determinado, ademais, en cada centro, dependendo do número de aulas, a cantidade. É dicir, se non se cumpre por diversas razóns, pois evidentemente hai que solucionalo. Como pasa aí, falan de autobuses, falan de todo, de rutas escolares, ao inicio de curso é frecuente que se produzan complicacións ou que non funcionen ben, en determinadas paradas, iso pasa tamén no meu concello, de feito, pasou este ano. Pois oe, falo co alcalde, que neste caso é do Bloque, reunímonos e intenta solucionarse e soluciónase, porque evidentemente non se está cumprindo nalgúns casos o que hai que cumprir. Se nalgún caso non se cumpre, oe, pois o que hai que facer e creo que hai os medios para poder solucionalo, non?, como facemos en tantos outros ámbitos.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No ámbito da atención á diversidade, a situación resulta especialmente preocupante. Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) que está a impedir garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio



educativo.

Esta carencia non responde a feitos puntuais nin a situacións sobrevidas, senón a unha ausencia de planificación e de vontade política por parte da Xunta de Galicia, que ano tras ano mantén rateos insuficientes, profesorado compartido entre centros e retrasos inxustificables na cobertura de prazas, mesmo cando existen informes e ditames que acreditan as necesidades reais do alumnado.

A situación afecta a centros educativos de toda a provincia, de norte a sur e de leste a oeste, tanto no rural como nas vilas e cidades. Existen exemplos reiterados de retirada de profesorado de apoio compartido, de centros que carecen de profesionais de PT e AL malia contar con alumnado con ditame recoñecido, ou de centros nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada por falta de recursos humanos mínimos.

Esta realidade contradí de maneira frontal o discurso oficial da Xunta de Galicia sobre inclusión educativa e atención individualizada, e supón unha vulneración dos dereitos do alumnado máis vulnerable, que precisa máis apoio e máis recursos para desenvolver plenamente as súas capacidades en igualdade de condicións.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia de Rueda ostenta a competencia plena en materia educativa e, polo tanto, ten a obriga legal e moral de garantir un ensino público de calidade, inclusivo e non discriminatorio, dotando os centros dos profesionais necesarios para atender adecuadamente a todo o alumnado.

En resumo, resulta imprescindible o cumprimento da lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas, con medidas inmediatas e estruturais, que permita reforzar os cadros de persoal de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e dar resposta ás demandas reiteradas da comunidade educativa.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. O pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

- a. Cumprir a lexislación vixente en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, garantindo que todos os centros educativos públicos da provincia dispoñan dos recursos humanos necesarios para dar resposta axeitada ás necesidades do seu alumnado, conforme o disposto na Lei orgánica de educación e na normativa galega de aplicación.
- b. Cubrir de maneira inmediata e efectiva todas as prazas de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) vacantes nos centros educativos públicos da provincia, garantindo que ninguén quede sen a atención especializada que lle corresponde."

Sr. Presidente

Última moción presentada polo Partido Socialista de Galicia o BNG e Alternativa dos Veciños para lle solicitar á Xunta de Galicia as medidas urxentes necesarias para a posta en marcha dun plan real de recuperación do CIAM, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.



4.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE, do BNG e AV para solicitar á Xunta de Galiza as medidas urxentes necesarias para a posta en marcha dun Plan real de recuperación do CIAM (CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO)

Os Grupos Provinciais do PsdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego na Deputación da Coruña denuncian e cuestionan o abandono ao que o Goberno do Partido Popular, fronte á Xunta de Galiza, veu sometendo nos últimos anos o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

A investigación agraria galega foi historicamente referente, mesmo a nivel europeo. Dende que no ano 1888 se crea a Granxa Escola Experimental de Galiza e Asturias na zona de Monelos, na Coruña, outro fito fundamental foi en 1921 coa creación da "Xunta de Ampliación de Estudios (XAE)" que, xunto coa Misión Biolóxica de Galiza, instalou o seu primeiro centro de investigación fóra de Madrid.

Despois da refundación do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) en 1971, e logo do seu paso por Guisamo, a granxa que a expansión da cidade fixo que tivese que abandonar Monelos dúas décadas antes, establécese nas actuais instalacións de Mabegondo. Este centro conta cunha das mellores parcelas de estudo agrario con máis de 300 hectáreas. A creación da raza rubia galega, o primeiro cultivo dos híbridos dobres de millo, a loita fronte á tinta do castiñeiro e moitas outras pragas forman parte dos logros acadados polo CIAM nestes 140 anos de historia.

O pasado 4 de novembro, un total de seis investigadores e investigadoras do CIAM abandonaron o centro despois dunha longa e recoñecida traxectoria investigadora. Aproveitaron o actual concurso de traslados da Consellería de Medio Rural e optaron por abandonar a súa labor investigadora neste centro, dependente da Xunta de Galiza e referente na investigación agraria de todo o territorio español, agravando unha falta de persoal e unha conflictividade coa dirección que se prolonga dende hai anos.

Esta situación deixa o centro nunha posición extremadamente precaria, xa que a carencia de investigadores e investigadoras era un problema que viña arrastrando o CIAM dende hai anos e que, de xeito reiterado, se puxo de manifesto polo persoal do centro.

A grave falta de cobertura de prazas que sofre o CIAM dende hai anos arrastra múltiples dificultades para exercer a labor investigadora, na medida en que moitas liñas de investigación eran unipersoais o que dificultaba enormemente o acceso a proxectos competitivos, onde normalmente se requiren grupos de investigación consolidados con varias persoas. Asemade, as xefaturas de departamento están a desaparecer, sen explicación ningunha.

Esta situación non soamente afecta ao persoal investigador, senón tamén ao persoal de laboratorio e ao persoal de campo. Con moita frecuencia, o propio persoal investigador tivo que asumir tarefas de campo para poder manter os proxectos en marcha, ou simplemente para garantir que os animais tivesen os coidados básicos, xa que o persoal de campo está sobrepasado polo volume de traballo.

Igualmente preocupante é a presenza no centro de equipamentos de campo e laboratorio totalmente obsoletos, o que transmite unha sensación de abandono e aumenta o risco de accidentes laborais. Cabe sinalar que, recentemente, produciuse un accidente laboral grave cunha máquina que non se encontraba en condicións adecuadas. De feito, este suceso desembocou en que se precintase unha parte importante da maquinaria do centro, a cal tampouco cumpría a normativa vixente.



Outra cuestión a ter en conta é que a pesar de que en xaneiro do 2024 o conselleiro en aquel momento aseguraba que as obras de construción do novo banco de xermoplama do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo xa estaban rematadas a realidade é que non. Dos cinco módulos están sen finalizar dous e os tres finalizados están sen equipar, o que pon de manifesto que aínda non se están utilizando para o fin concibido.

Estamos iniciando un novo ano e tendo en conta que a Xunta de Galicia ten orzamento para rematar estas obras non podemos permitir que estas queden inacabadas. Porque mentres non se rematen as obras e se dote de material non estarán operativas, e porque mentres estean paradas as obras acabadas vanse deteriorando por estar sen uso e sen boas condicións.

As fincas dependentes do CIAM están nunha situación parecida ou peor, con instalacións agropecuarias para o gando moi antigas que non cumpren as medidas de benestar animal, e coa presenza de diversas deficiencias que parecen abocar a que non se poida corrixir esta situación nun futuro próximo. Todas estas carencias semeñan a crónica dunha morte anunciada, resultado dunha longa desidia institucional e para a que non houbo nin hai reacción ningunha, porén consideramos que aínda estamos a tempo de reverter esta situación.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, do BNG e de AV propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a dotar dos medios e recursos suficientes para poñer en marcha un plan real de recuperación do propio Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), facilitando a continuidade e a reposición do persoal investigador e técnico.
2. Demandar da Xunta de Galiza un compromiso real cunha partida orzamentaria que permita renovar e actualizar os equipamentos dos que dispón o centro: maquinaria agrícola, instalacións agrogandeiras e medios necesarios para o normal e correcto desenvolvemento das actividades do CIAM.
3. Que faga os trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplama do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo.
4. Que dote do material necesario as instalacións para que poda albergar o banco de xermoplama.
5. Solicitar á Xunta de Galiza a renovación da xerencia do propio CIAM, a fin de garantir unha xestión transparente e participativa de todos os axentes implicados na correcta xestión do centro e de todos os proxectos de investigación e desenvolvemento rural vencellados á labor realizada por todo o persoal do CIAM.

Sra. Veira González

Hoxe traemos a Pleno a defensa dun patrimonio científico produtivo e estratéxico para Galiza, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. E facémolo desde a convicción clara de que, sen ciencia pública, sen apoio ao noso rural e sen soberanía alimentaria, non hai futuro digno para o noso país. Mabegondo non é só un centro de investigación, é unha peza chave no desenvolvemento do sector agrogandeiro galego. Falamos dun espazo que leva décadas mellorando a produtividade, a sustentabilidade e



a competitividade das nosas explotacións.

Grazas ao seu traballo en mellora xenética, sanidade vexetal, forraxes ou adaptación ao cambio climático, milleiros de explotacións galegas puideron modernizarse sen perder identidade. Para nós, defender Mabegondo é defender un modelo de país, un modelo no que o coñecemento xerado aquí con recursos públicos estea ao servizo da nosa xente, e non da privatización nin da dependencia de multinacionais. Nun contexto de emerxencia climática e de crise de prezos no campo, precisamos máis investigación pública, máis transferencia directa ao sector e máis compromiso orzamentario estábel.

Non podemos permitir recortes, nin a perda de persoal investigador, nin a precariedade das condicións laborais. Cada praza que non se cobre, cada proxecto que non se financia, é unha oportunidade perdida para o noso rural. E xa sabemos o que significa abandonar o rural: despoboamento, perda de actividade económica e deterioro do territorio. Mabegondo debe ser, pola contra, reforzado como centro de referencia en innovación agraria en Galiza, coordinado coas universidades e co tecido produtivo, pero mantendo sempre o seu carácter público e estratéxico. Apostar por el é apostar pola soberanía alimentaria, pola produción de proximidade, pola redución da dependencia exterior e pola defensa do noso medio natural. Desde o BNG e desde os grupos que propoñemos esta moción, reclamamos un compromiso firme das administracións para garantir o financiamento suficiente, estabilidade do persoal e un plan estratéxico que consolide e amplíe as súas liñas de investigación, especialmente na adaptación ao cambio climático, na redución de insumos externos e na transición cara a modelos máis sustentables. Porque, cando defendemos o centro de Mabegondo, non estamos falando só dun edificio ou duns edificios ou dun orzamento. Estamos falando de futuro, do futuro do noso rural, da nosa economía produtiva e da capacidade de Galiza para decidir sobre os propios recursos. E iso é unha responsabilidade colectiva que non podemos eludir.

Por iso, o que propoñemos ao Pleno da Corporación Provincial é adoptar os seguintes acordos:

Primeiro, instar a Xunta de Galiza a dotar dos medios e recursos suficientes para poñer en marcha un plan real de recuperación do propio Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, facilitando a continuidade e a reposición do persoal investigador e técnico.

Dous, demandar da Xunta de Galiza un compromiso real cunha partida orzamentaria que permita renovar e actualizar os equipamentos dos que dispón o centro, maquinaria agrícola, instalacións agrogandeiras e medios necesarios para o normal e correcto desenvolvemento das actividades do CIAM.

Tres, que faga os trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Cuarto, que dote do material necesario as instalacións para que poida albergar o banco de xermoplasma.

E quinto, solicitar á Xunta de Galiza a renovación da xerencia do propio CIAM, a fin de garantir unha xestión transparente e participativa de todos os axentes implicados na correcta xestión do centro e de todos os proxectos de investigación e desenvolvemento rural vencellados ao labor realizado por todo o persoal do CIAM.



Sr. García Seoane

Si. A min paréceme que na Xunta de Galicia está fallando, ben, moitas cousas, pero en concreto con este tema, o tema do campo, da agricultura, dos gandeiros, a pesca, etc., que está habendo persoas que, polo que se ve, non cumpren co seu cometido, e básome no que din nos mitins porque, cando hai mitins, se ve a conselleira de turno ou o conselleiro tirándolle do teto á vaca, subíndose a un tractor, botando esterco polas leiras, asombroso. Pero a realidade despois é outra. A realidade é que un centro como este, que foi exemplar, que ten unhas instalacións inmejorables na comarca da Coruña, pero inmejorables, en edificios, e ben, edificios que, por certo, levan máis de 20 anos esnaquizándose, arruinándose, como o que está alí na estrada nacional e na entrada do predio, non? Dous edificios que permitiron que todos eses bandoleiros que andan por aí adiante arrancaran tubaxes, arrancaran cables, arrancaran todo. Se está no meu municipio, téñoos tirado tres veces ou catro, non? Pero ben, aquí, pois algo falla en Bergondo, onde nós cogobernamos, por certo, pero algo falla porque iso non é para telo aí, iso é un escaparate indigno.

E por iso que non entendo e me sumei indubidablemente a esta moción, porque non entendo como a Xunta de Galicia, que preconiza sempre, é dicir, que quere o maior defensor do mundo no tema do rural, nun municipio como Galicia, indubidablemente que é unha parte importantísima, pois manteña esas instalacións nese sentido. Non só as instalacións, senón o tema dos técnicos, o tema dos campos que antes traballaban e estudaban e analizaban distintas cousas para os labradores, hoxe está todo iso semiabandonado. Por tanto, non comprendo, por iso xa digo, apoio esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Bueno, nós presentamos conxuntamente a moción, pouco máis se pode engadir. A verdade é que foi un centro pioneiro e hai que recoñecer que foi unha moi boa idea no seu día apostar por un centro desas características. Creo que o resultado, pois como ben dicía quen leu a exposición de motivos, está aí para ver e, por tanto, non ten ningún tipo de xustificación a situación de abandono na que se atopa dende hai xa bastante tempo. Que, ben, pode ser unha metáfora da situación do abandono do rural galego dende hai moito tempo, desgraciadamente, non? Pero, ben, vamos ver se neste caso temos algo máis de sorte e podemos contar co apoio da bancada do Partido Popular. Moitas grazas.

Sr. García Pose

Moi bo día, presidente.

Ben, argumento en nome do Partido Popular, pero quero significar tamén a miña condición de técnico desde o ano 1991 e, evidentemente, iso pois dáme unha visión un pouco xeral da transformación que sufriu o Centro de Investigación Agraria e, por suposto, tamén da achega.

(A Sra. Piñeiro Fernández abandona o Salón de Plenos).

Eu creo que convén facer unha contextualización do medio rural en xeral para comprender, para comprender o que é o CIAM e o que representa o CIAM e onde está hoxe o CIAM. Desde os anos 80 contemplamos, sobre todo entre os anos 80 e 90, contemplamos unha auténtica transformación do sector agrario galego. Non hai máis que



ver, fixarse na agricultura, na gandería ou no forestal, para o que foi decisiva a implicación de funcionarios, de servidores públicos do medio rural, fundamentalmente os Servizos de Extensión Agraria, que ao día de hoxe seguen tendo unha enorme consideración a través das oficinas agrarias comarcais, porque eran persoas que chegaban ao territorio, entraban nas casas, había confianza e, normalmente, aquilo que prescribían, que era produto de coñecer o que había fóra de aquí, pois íase implementando e iso foi o que nos trouxo o nivel de desenvolvemento que hoxe ten o medio rural, non?

No ámbito técnico, ao que pertenzo, sempre houbo un consenso no sentido de que se recoñecía que a vangarda, a iniciativa, a creatividade, o dinamismo estaba no ámbito privado. Pero eramos moitos os que defendiamos que precisabamos un servizo de investigación público potente, un contrapeso público firme que lle fixera de contrapeso a ese dinamismo, a esa ás veces falta de consideración, falta de respecto, falta de sostibilidade. Normalmente, o interese privado adoita desprezar un pouquiño a sostibilidade ou adoita atender máis ben a criterios económicos. De aí a necesidade de que teñamos sempre esa medida, ese interese xeral, esa sostibilidade que ha de recollerse a través da figura das institucións públicas que teñen que facer ese contrapeso.

Ao día de hoxe, a situación da investigación pública diría que o sector público e todo o que é a economía privada, ben sexa agrícola, gandeira ou forestal, falan idiomas diferentes. E os que nos adicamos, precisamente, contemplamos todo iso todos os días, vemos como non hai nada que estea minimamente aliñado entre o que se está investigando hoxe no CIAM. E, cando digo hoxe, hai 20 ou 25 anos, e onde está, por exemplo, o sector lácteo ou o sector da carne ou o sector da horta, non? Temos un sector, un medio rural en constante evolución e en constante evolución por algo que se debe fundamentalmente a dous elementos: a achega continua de novas ferramentas e solucións da man de provedores privados, evidentemente que invisten moitísimo en I+D+I e que operan e acompañan o entorno das explotacións. Iso é moi importante, esa combinación, esa asociación perfecta desa iniciativa de investigación privada, dinámica e que achega solucións. Iso o que fai é levar as explotacións, levar os produtores de alimentos a que sexan cada vez máis eficientes, entendan mellor as circunstancias e teñan máis éxito como o están tendo ao día de hoxe. Pero, sobre todo, evoluciona o medio rural fundamentalmente determinado polo que mandan os consumidores. Se algo ten claro un empresario agrario, gandeiro ou forestal, é que os caprichos ten que apartalos e ten que orientarse e dirixirse directamente ao que os consumidores van demandando, porque evidentemente van cambiando as súas preferencias.

Antes da innovación constante e, sobre todo, a irrupción de novas tecnoloxías de dixitalización que nos permiten que o que se está investigando hoxe en Wisconsin ou en calquera parte de Europa ou en calquera parte de España estea inmediatamente á disposición de calquera empresario, calquera promotor empresarial vinculado ao medio rural, decae un pouco a necesidade de que a investigación a teñas en fronte da casa, que está ben, que pode ser, pero mal iríamos se soamente miramos o que se ensaia, o que fai o que está en fronte de ti. Polo tanto, temos hoxe moitos exemplos de como os sectores evolucionaron, e poño o exemplo, sobre todo, céntrome no que é o sector lácteo. Por exemplo, as explotacións e as industrias lácteas asumen os cambios mandato dos consumidores en perfecta sintonía industria e produtores, pero sobre todo tamén metendo no medio esa achega comercial. Onde está a achega pública a través da investigación? Eu quero pensar que lle pode achegar ou que lle leva achegado o CIAM a unha explotación das que caracteriza hoxe o sector lácteo, porque evidentemente non se



está investigando nada do que están hoxe as ganderías de leite de vangarda e falaremos máis adiante do sector da carne ou do sector da horta.

Desde a iniciativa privada proveuse en tempo real de solucións ás necesidades. Quen está investigando sobre o xurro? Quen está investigando sobre a xestión forraxeira? Son os operadores que ensaian con novas variedades, que fan variedades resistentes a isto que nos preocupa a todos, que é o cambio climático. Chove menos, chove diferente e hai que mudar dunha forma rápida, e esas achegas, que as está habendo, veñen da iniciativa privada porque hai moito tempo que desde o público non se está estudando ese ámbito, non? Despois, por exemplo, a xestión económica ou a xestión tecnolóxica. Non hai máis que ver a transformación absoluta do medio rural a través da irrupción de novas solucións tecnolóxicas, o que levou ao posicionamento do sector como consecuencia desta vinculación e desta vertebración que hai entre a investigación privada e o propio sector, levou a que hoxe sexa un sector de absoluta vangarda a nivel europeo, a pesar das limitacións, que aquí non se tratan, pero que segue habendo, que son máis ben de carácter estrutural.

Ao mesmo tempo, podíamos referirnos á horta galega. Eu, temos a fortuna de ser unha zona de horta, zona de Bergantiños, pero falei con algúns operadores galegos e dinche que, cada vez que necesitan algo, cada vez que innovan, cada vez que hai unha nova solución para utilizar fauna útil, sempre miran cara ao sur de España. Desgraciadamente, non esperan nada de aquí do entorno, onde se podían estar avaliando esas solucións, se é que tanto nos preocupa o ecoloxismo, que eu creo que nesa dirección se vai, non?

Ou tamén por referir o sector da carne, importante, onde ten agora mesmo desafíos, retos que veñen dos propios consumidores, porque son estes os que determinan, a través dos seus cambios de hábitos, cara a onde ten que ir o sector. Esta iniciativa ou esta moción fala de recuperar, de poñer recursos persoais, económicos, e a pregunta é: para que? Eu preguntome se é para seguir facendo o mesmo ou realmente é para reformular completamente o CIAM e que realmente se adapte á realidade dos sectores produtivos galegos.

Miren, ninguén pon en cuestión a investigación nin a necesidade, porque hoxe é máis necesario investigar e é máis necesario achegar información, pero esa investigación ten que ir claramente aliñada coas necesidades e responder ás necesidades do sector e, sobre todo, facer ese contrapeso necesario á achega diaria que está facendo a ese caudal de información cun compoñente comercial importante, e iso é o que significamos os técnicos, e iso tiña que ser contrapesado, pero non hai, desgraciadamente, ninguén no ámbito do público que o estea facendo, ou polo menos que teña interese.

Nos últimos días contrastei con explotacións, técnicos, organizacións e, por unanimidade, dinme: así non, debe reformularse o CIAM. Estamos completamente de acordo e eu creo que boto de menos, sobre todo, que a proposta non fose na dirección de, vamos abrir un debate, vamos mirar desde o público que é o que damos por bo e vamos apoiar iso que consensuamos que debe de ser a folia de ruta, orientando recursos públicos e que se investigue nesa dirección. Perfilar, acoutar.

En todo o caso, sen entrar no relato da moción, que non se corresponda moito coa realidade do CIAM, polo menos os que tivemos a..., eu tiven durante moitísimo tempo da miña vida unha vinculación directa co centro a través de, como membro do Laboratorio Interprofesional de Análise do Leite e, ben, porque moitos compañeiros cos



que puiden falar son traballadores ou extraballadores do CIAM. A moción debería ir na dirección de redefinir o que é o CIAM e está representando ou, desde logo, aquilo que non está representando nos últimos anos. En canto a, en todo o caso, en canto ao capítulo de meter recursos na reposición de persoal investigador, está previsto, polo que puiden consultar, iso é a única parte da moción que teñen que preguntar, está previsto atender as necesidades derivadas dos compromisos adquiridos para os proxectos ata acadar 15 prazas, 15 prazas que permitan que os proxectos en marcha se poidan continuar.

En canto aos investimentos, as infraestruturas e equipamentos e maquinaria no período 20-24 foron 5,5 millóns de euros e, de resultar aprobados todos aqueles proxectos de investigación no período 26-28, vai recibir 8,5 millóns. E quería dicir, equipamentos, a min dáme pena porque os que temos unha certa, ben, predisposición a considerar criterios económicos á hora de saber o que hai que comprar e aquilo que hai que arrendar, cómpranse, e cómpranse, e cómpranse equipos e despois mandámoslle, encargámoslle que fagan os traballos empresas de fóra. É algo que, eu incluso ás veces penso que rolda a malversación; é dicir, compramos, facemos un invernadoiro, facemos non sei que e despois iso está en precario, non o utiliza ninguén, é público, non lle importa a ninguén. Polo tanto, eu creo que deberíamos, non é unha cuestión de falta de persoal, porque aqueles proxectos que están na grella de saída contarán co persoal necesario para ser desenvolto. Os medios, os recursos económicos puxéronse no período 20-24 e están determinados para o período 26-28. E en relación ao banco de xermoplasma, finalizouse no 2024 a primeira fase, no 2025 fíxose o proxecto para a segunda fase e está orzamentado para o 2026 por máis de 1 millón de euros.

No caso do CIAM, ben, no caso do CIAM, o CIAM non ten xerente, pero si ten un director que foi nomeado no ano 2025 e todos os proxectos que foron remitidos ou solicitados ao CIAM resultaron aprobados. Polo tanto, non hai, e cumpren as garantías, non vai haber, ningún proxecto quedou sen atender de investigación e esa é a premisa. Co cal, eu creo que o relato é un pouquiño máis amplo do que recolle a moción. Eu tería unha enorme alegría de se realmente se quixera entrar no fondo dos temas e ás veces resumimos o que é un conflito laboral dándolle a aparencia de que hai unha sensación de abandono.

O medio rural está vivo porque hai moitísima xente no público e no privado que rema para que vaia e eu gustaríame unha certa aliñación para que realmente isto que é a marca Galicia, isto que é Galicia e que todos a sentimos e a vivimos, se vise reforzada, pois tamén ás veces facendo esa autocrítica e unha institución pública que ninguén pon en cuestión e que no seu momento foi relevante, pois está unha xeración como mínimo por detrás do que é a realidade produtiva de Galicia de hoxe. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Si. Procedemos á votación

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstención: 1 deputada (PP – en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).



O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE, do BNG e AV para solicitar á Xunta de Galiza as medidas urxentes necesarias para a posta en marcha dun Plan real de recuperación do CIAM (CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO)”

Os Grupos Provinciais do PsdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego na Deputación da Coruña denuncian e cuestionan o abandono ao que o Goberno do Partido Popular, fronte á Xunta de Galiza, veu sometendo nos últimos anos o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

A investigación agraria galega foi historicamente referente, mesmo a nivel europeo. Dende que no ano 1888 se crea a Granxa Escola Experimental de Galiza e Asturias na zona de Monelos, na Coruña, outro fito fundamental foi en 1921 coa creación da "Xunta de Ampliación de Estudios (XAE)" que, xunto coa Misión Biolóxica de Galiza, instalou o seu primeiro centro de investigación fóra de Madrid.

Despois da refundación do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) en 1971, e logo do seu paso por Guisamo, a granxa que a expansión da cidade fixo que tivese que abandonar Monelos dúas décadas antes, establécese nas actuais instalacións de Mabegondo. Este centro conta cunha das mellores parcelas de estudo agrario con máis de 300 hectáreas. A creación da raza rubia galega, o primeiro cultivo dos híbridos dobres de millo, a loita fronte á tinta do castiñeiro e moitas outras pragas forman parte dos logros acadados polo CIAM nestes 140 anos de historia.

O pasado 4 de novembro, un total de seis investigadores e investigadoras do CIAM abandonaron o centro despois dunha longa e recoñecida traxectoria investigadora. Aproveitaron o actual concurso de traslados da Consellería de Medio Rural e optaron por abandonar a súa labor investigadora neste centro, dependente da Xunta de Galiza e referente na investigación agraria de todo o territorio español, agravando unha falta de persoal e unha conflictividade coa dirección que se prolonga dende hai anos.

Esta situación deixa o centro nunha posición extremadamente precaria, xa que a carencia de investigadores e investigadoras era un problema que viña arrastrando o CIAM dende hai anos e que, de xeito reiterado, se puxo de manifesto polo persoal do centro.

A grave falta de cobertura de prazas que sofre o CIAM dende hai anos arrastra múltiples dificultades para exercer a labor investigadora, na medida en que moitas liñas de investigación eran unipersoais o que dificultaba enormemente o acceso a proxectos competitivos, onde normalmente se requiren grupos de investigación consolidados con varias persoas. Asemade, as xefaturas de departamento están a desaparecer, sen explicación ningunha.

Esta situación non soamente afecta ao persoal investigador, senón tamén ao persoal de laboratorio e ao persoal de campo. Con moita frecuencia, o propio persoal investigador tivo que asumir tarefas de campo para poder manter os proxectos en marcha, ou simplemente para garantir que os animais tivesen os coidados básicos, xa que o persoal de campo está sobrepasado polo volume de traballo.

Igualmente preocupante é a presenza no centro de equipamentos de campo e laboratorio totalmente obsoletos, o que transmite unha sensación de abandono e aumenta o risco de accidentes laborais. Cabe sinalar que, recentemente, produciuse un accidente laboral grave cunha máquina que non se encontraba en condicións adecuadas. De feito, este suceso desembocou en que se precintase unha parte importante da maquinaria do



centro, a cal tampouco cumpría a normativa vixente.

Outra cuestión a ter en conta é que a pesar de que en xaneiro do 2024 o conselleiro en aquel momento aseguraba que as obras de construción do novo banco de xermoplama do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo xa estaban rematadas a realidade é que non. Dos cinco módulos están sen finalizar dous e os tres finalizados están sen equipar, o que pon de manifesto que aínda non se están utilizando para o fin concibido.

Estamos iniciando un novo ano e tendo en conta que a Xunta de Galicia ten orzamento para rematar estas obras non podemos permitir que estas queden inacabadas. Porque mentres non se rematen as obras e se dote de material non estarán operativas, e porque mentres estean paradas as obras acabadas vanse deteriorando por estar sen uso e sen boas condicións.

As fincas dependentes do CIAM están nunha situación parecida ou peor, con instalacións agropecuarias para o gando moi antigas que non cumpren as medidas de benestar animal, e coa presenza de diversas deficiencias que parecen abocar a que non se poida corrixir esta situación nun futuro próximo. Todas estas carencias semeñan a crónica dunha morte anunciada, resultado dunha longa desidia institucional e para a que non houbo nin hai reacción ningunha, porén consideramos que aínda estamos a tempo de reverter esta situación.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, do BNG e de AV propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a dotar dos medios e recursos suficientes para poñer en marcha un plan real de recuperación do propio Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), facilitando a continuidade e a reposición do persoal investigador e técnico.
2. Demandar da Xunta de Galiza un compromiso real cunha partida orzamentaria que permita renovar e actualizar os equipamentos dos que dispón o centro: maquinaria agrícola, instalacións agrogandeiras e medios necesarios para o normal e correcto desenvolvemento das actividades do CIAM.
3. Que faga os trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplama do Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo.
4. Que dote do material necesario as instalacións para que poda albergar o banco de xermoplama.
5. Solicitar á Xunta de Galiza a renovación da xerencia do propio CIAM, a fin de garantir unha xestión transparente e participativa de todos os axentes implicados na correcta xestión do centro e de todos os proxectos de investigación e desenvolvemento rural vencellados á labor realizada por todo o persoal do CIAM."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Ben, pasamos a rogos, preguntas. Non sei se hai algún rogo, pregunta?



Sr. Amado de la Fuente

Si. Bos días a todo o mundo.

Señora Rodríguez, cales son as razóns para lle adxudicar á empresa Tragsa as obras da DP-2302 entre Hospital e Brens en Dumbría? Primeiro, agradecerlle ao deputado Xosé Penas, que nos deu os informes solicitados esta semana e tivo a celeridade adecuada para poder obtelos. Moitas grazas.

Señora Rodríguez, el pasado 17 de febrero tuvimos conocimiento a través de la prensa del profundo malestar de la Asociación de Empresarios de la Construcción de A Coruña ante la decisión de este Gobierno de encomendar a la empresa pública Tragsa las obras de la DP-2302, eludiendo así el proceso de licitación pública.

Desde este grupo entendemos que, si bien la fórmula de encomienda es legal, su uso por parte del departamento de Vías y Obras no es en absoluto la mejor vía para fomentar la competencia ni la transparencia que se le exige a esta institución. Es necesario recordar que tanto la Comisión Nacional de Mercados y la Competencia como el Tribunal de Cuentas han alertado reiteradamente sobre el abuso de este tipo de encargos directos. El uso de Tragsa debería limitarse estrictamente a situaciones de emergencia o urgencia, como catástrofes naturales o riesgos inminentes para la seguridad, supuestos que no se observan estrictamente en la obra que nos ocupa. Así lo refleja el informe de Intervención en su página 8, donde dice que ha tenido, ha estado tres meses para conseguir una autorización de Aguas para enviar la documentación a Aguas de Galicia en vez de ser diligente en su departamento. Y decimos esto porque, si bien es cierto que el proyecto acumula un retraso de más de cinco años tras el abandono de la anterior adjudicataria y que los vecinos pueden estar hartos de promesas incumplidas, resulta difícil explicar cómo una obra que se adjudicó inicialmente por 826.000 euros ha pasado a presupuestarse en 1.700.000 euros con solo partidas nuevas por valor de 141.536,04 euros, un aumento del 70% del presupuesto sobre el proyecto original. Duplica el coste mientras se priva a las empresas locales de competir por el proyecto, restándole transparencia y debilita el tejido productivo de nuestra provincia.

Sobre este punto y atendiendo al informe del Interventor, hay que indicar que la baja ofrecida por Tragsa es de solo 268,26 euros, una cantidad llamativamente baja cuando hablamos del histórico de adjudicaciones de esta Administración.

Asimismo, esperamos que Tragsa justifique la relación de medios propios que exige la ley, hasta el momento no nos consta que así lo haya hecho, lo cual sería una señal alarmante de una sucesión de subcontratas en esta obra. Eso confirmaría que el encargo directo no fue más que un atajo para evitar los controles de la contratación pública.

Señora Rodríguez, nos sorprende su gestión, especialmente teniendo en cuenta su conocimiento previo del sector. Usted justifica esta decisión en la parálisis de la obra, pero la realidad es que el Departamento de Vías y Obras tiene múltiples proyectos bloqueados y siempre se ejecutan con muchísimo retraso. Sin ir más lejos, en el Ayuntamiento de Culleredo la obra de la DP-0510 comenzó en noviembre del 2021 y fue recibida el año pasado, cuatro años de retraso. ¿Cuál es el criterio para dar prioridad a unas vías sobre otras?

Parece que esta encomienda responde más a un intento desesperado por mejorar



sus índices de ejecución presupuestaria, que apenas ronda el 30%, que a una planificación técnica real. Mientras tanto, son numerosos ruegos que hemos presentado por el estado lamentable de otras vías provinciales, que siguen deteriorándose bajo las lluvias de este invierno sin recibir su atención.

Acabo mi intervención pidiéndole solo cuatro cosas:

Ojalá que los vecinos de Dumbría y alrededores dispongan por fin de una carretera digna.

Segundo, que su departamento empiece a gestionar con eficacia el presupuesto asignado, priorizando el servicio a los ciudadanos por encima de las urgencias políticas o personales.

Tercero, que sea capaz de presentarnos un proyecto planificado de mejora de las carreteras provinciales, tal y como manda la ley, para que todos podamos conocer las actuaciones de forma transparente y no dé lugar a sospechas.

Y cuarto, que si tienen que volver a contar con Tragsa para futuras actuaciones, sigan el protocolo de actuaciones o, cuando menos, de fijación de criterios a seguir, una vez los hayan traído a este Pleno y los hayan aprobado, algo que ya le recordaron en el año 2020. Y establezca las normas básicas que regulan las relaciones jurídicas y económicas con Tragsa.

Y esto no lo decimos nosotros. Léanse los informes de los habilitados y háganles caso, por favor. Muchas gracias.

Sr. Presidente

Grazas pola breve pregunta.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente, e moi bo día a todos e a todas.

Ben, vou intentar facer un resumo a esa pregunta tan concisa e espero facelo o máis clara e tamén agradecería que todos e todas se puxesen na situación do que puntualmente foi as circunstancias deste proxecto desde que foi aprobado en abril do 19. É dicir, creo que aí deberíamos todos e todas poñernos en situación, sobre todo, é dicir, en moitas circunstancias pode haber atrasos en expedientes e podemos buscarnos as culpas a moitos e a moitas. Pero neste caso eu creo que podemos falar de algo alieo totalmente a esta Administración, a cal dentro do cumprimento dos prazos, cando suceden circunstancias como estas, pois nada podemos facer, ou polo menos pouco podemos facer, con toda a mellor intención que podemos ter, sen mirar en ningún caso ningún tipo, é dicir, dende logo, as cores dos que gobernan en cada concello, e eu creo que é proba diso, non?

Entón, creo que todos sabemos, aínda que, ben, eu polo menos pola miña parte non estaba aquí ocupando este asento, pero podo dar traslado do que coñezo deste proxecto. Pero é un proxecto aprobado o 26/04/2019, aprobado definitivamente en setembro do 20, adxudicado despois dun proceso baseado na Lei de contratos a unha empresa, unha empresa que por circunstancias xa dende o inicio sabemos que aparecen



bastantes problemas. Pide unha prórroga, volve a pedir outra prórroga. Eu creo que os técnicos directores deste proxecto cumpren co seu deber, incluso se lle impoñen penalidades; en vista do incumprimento, rescíndese un contrato. É dicir, os meses pasan, o tempo pasa, os invernos sobre este..., e ademais agora céntrome neste proxecto e nesta obra que se inicia, se executa unha porcentaxe e unha estrada ademais onde hai moitísimo tráfico continuamente, pois queda paralizada. No medio de todo este transcurso temos un problema cos accesos de viais municipais a este vial provincial, o cal hai que executar a través dun contrato menor, para que ese día a día no transporte diario de autobuses e transporte pesado, sobre todo, e na comunicación deses núcleos que transcorren con ese vial provincial ver a posibilidade de poder melloralos e evitar eses inconvenientes aos veciños e veciñas dese núcleo nesa parroquia.

Despois temos que redactar un proxecto. Eu, escoitando esta pregunta, e a verdade é que quero reflexionar tamén con todos, eu creo que os proxectos desta casa, creo que temos claro todos, e das nosas, ao mellor dos nosos concellos, é unha base de prezos pública. E eu creo que iso se pode comprobar. Está metendo en dúbida que os técnicos desta casa, porque é un proxecto que se redactou aquí para buscar axilidade dentro do posible, e dentro da carga de traballo que hai no departamento, vostede mete en dúbida que os técnicos desta casa utilizan os prezos, a base de prezos ao consumidor?, ou hai unha base de prezos oficial? Podemos comparar con outros proxectos. Eu creo que iso é un criterio técnico, non un criterio subxectivo. Creo que hai unha base de prezos á cal nos amparamos para ese proxecto. Entón, eu creo que todos e todas sabemos como están agora mesmo os prezos, os prezos dos materiais no sector da construción, eu creo que calquera sabemos. No 2019 falamos do metro cúbico de formigón a 60 €? Hoxe está a máis de 100 €. Eu creo que é algo que todos e todas palpamos nos nosos concellos e proxectos que ao mellor algún, máis dun concello temos no caixón para poder ter preparado para meter mesmo nun POS, e a realidade deses prezos está claro que ese proxecto hai que actualizalo antes de licitar. Entón, meter en dúbida, de verdade, podemos buscar e facer política e demagogia onde queiramos, pero eu creo que meter en dúbida que un proxecto de terminación que se redactou nesta casa en base a unha base de prezos que esta casa ten e que utiliza para o proxecto, creo que me parece, de verdade, paréceme grave. Vale?, meter esa dúbida.

Quero continuar. Proxecto de terminación, por un lado, e logo hai loxicamente as autorizacións. É un novo proxecto onde hai que ver o que se executou e o que falta por executar. Se piden as autorizacións dos informes sectoriais correspondentes, algo que ás veces todos e todas, representemos a cor que sexa, sabemos o que estamos a sufrir para recibir os informes sectoriais. E creo que iso non é buscar polémica, é ver a realidade do que sufrimos todos os concellos todas as semanas, vale?

E despois a reflexión, e dígoo ademais, coa miña pequena experiencia no sector, a cal me fai sentir orgullo e represento e amparo aos compañeiros, ademais podo dicir así, compañeiros de APECO, que fan un gran labor, e felicítoos por ese traballo de equipo e que representan o sector da construción, e que creo que teño que dicir que fan moi ben. Pero creo que neste caso debemos escoitar e coñecer, e ademais, se vostede di que coñece o expediente, creo que vendo algo que empezou no 2019, sendo concelleiro e deputado, e vendo o que está a pasar, e vendo nunha vía provincial a cal ten un tráfico importante con transporte pesado, cos invernos que temos na Costa da Morte, e podo dicir en toda a provincia, pero agora vamos centrarnos na Costa da Morte, con este especial inverno tan duro que tivemos tamén na nosa comarca. Home, eu creo que estamos dentro do marabilloso traballo que fai Contratación e con toda a carga de traballo que tamén sabemos, eu creo que é unha excepcionalidade.



Eu levo aquí neste, como deputada de Vías e Obras, desde xullo do 2023, creo que é a única obra que argumentamos e que é necesario e hai outra que a min xa me colleu, ben, porque non quero mentir, estou dicindo, hai outra que a min me colleu xusto no inicio, pero desde que eu estou, é a única obra, e creo que con argumentos máis que suficientes, vendo a urxencia, e eu creo que case me atrevo á emerxencia que ten esta obra dadas as circunstancias, tanto no tempo. E se vostede se puxese, eu creo que como alcalde nese concello, creo que non o ía desgustar, ía entender despois da problemática que esta obra trouxo, por circunstancias alleas a esta Deputación. É dicir, as circunstancias de ter que rescindir un contrato eu creo que non ten nada que ver con nós. É dicir, algo que ocorreu, que pode ocorrer, e que dende logo, con toda a vontade desde o departamento, se buscou unha solución.

Se imos a un procedemento normal, e que son defensora da contratación pública, sen dúbida, e creo que así o debe ser e defendémolo sempre, e aquí creo que podo falar tamén en nome, pois, deste Goberno provincial, estamos sempre, e creo que proba diso que se en tres anos só ocorre este caso por esta excepcionalidade dunha obra que leva sete anos, e que se agora vamos a un procedemento urxente de contratación, temos claro que nos poñemos noutro inverno. De verdade que a situación desta obra, dada a urxencia, temos que volver a vernos, ao mellor a adxudicar en setembro ou outubro, para vernos nunha obra deste calibre, noutro inverno máis, que non podamos executar, que non podamos acabar ese firme, que non podamos repavimentar? De verdade que iso é o que pedimos?, dada a excepcionalidade, e eu creo que, e póñome ao dispor de falar con APECO directamente, que agradezo, e ademais repito, coa boa relación, e ademais defendendo o traballo e o bo labor que fan desde APECO, a explicarlle puntualmente as circunstancias e a urxencia desta obra puntual.

Cun pequeno matiz, eu creo que hoxe traíamos aquí ao Palacio Provincial isto, eu creo que tamén debemos ver o que dende a Xunta de Galicia podo dar, e non me gusta dar eses números, porque creo que en cada caso hai que ver, escoitar, reflexionar cal é a casuística, e eu creo que iso é o fundamental, non buscar aquí confrontación nin dun sector privado a cal eu avalo, creo que podo dicir que teño un ADN de empresa, porque a defendo, os defendo, e defendo o sector, porque loxicamente é o pan de moitas familias, e que como Administración debemos defender. Pero creo que tamén debemos escoitar e reflexionar cales son as circunstancias, cando unha Administración como a Xunta de Galicia, nos últimos meses, van 86 encargos e case 37 millóns, a Tragsa, a Tragsatec, 48 encargos por 42 millóns. Eu creo que o que hai que ver non son os números, hai que ver as circunstancias, as excepcionalidades como é este caso.

Entón, repito que estou ao dispor de facer calquera explicación, pero creo que é unha excepcionalidade cunha necesidade de urxencia e de seguridade viaria que creo que todos podemos palpar e que seguro que podemos ter no noso concello. Polo tanto, agradezo, e ben que se faga reflexión, que se entenda o que acabo de expoñer, e reitero a miña disposición de quedar para poder explicar e ver o expediente co detalle que vostedes precisen. Moitas grazas.

Sr. Presidente

E de paso pódelle dicir vostede ao presidente de APECO que este Goberno, cada vez que o interese xeral requira que recorramos ao mecanismo ao que está recorrendo, dentro da legalidade, e tamén a Xunta de Galicia, e o resto de administracións públicas, o Estado, as deputacións e algún concello, ímolo volver facer, porque por riba dun interese privado está o interese xeral. Nunha obra, nunha obra que, seguindo o procedemento de



licitación, foi adxudicada a unha empresa privada, unha empresa privada que é probablemente a carencia que ten esa nota do presidente de APECO, na que boto de menos unha crítica a unha empresa que fai unha baixa desmesurada e que provoca cinco anos de atraso e que o interventor non ten que sufrir, porque non pasa co coche por alí, pero os veciños e veciñas de Dumbría cada día.

Sr. Amado de la Fuente

Por respecto, eu non son laretas de ninguén; vostede tamén ten acceso, dígallo, por favor, non me ten por que utilizar a min. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu, xa que fala en nome del pois oe... Ah, entendín que falabas en nome del. Perdón, perdón.

Sr. Ben Otero

Presidente, gracias. Pregunta breve, resposta breve.

Yo voy a ir ahora con una pregunta muy breve dirigida al señor Penas, y es la siguiente: este año, en la playa de Balarés, en Ponteceso, ¿va a estar operativo el chiringuito, la concesión, sí o no? Si puede contestar. Sé que está interesado en el asunto. Lo que no sabemos, o el alcalde no sabe a día de hoy, es si finalmente estará operativo el chiringuito.

Sr. Penas Corral

Está, como sabedes, estamos arranxando o tema da cociña. Había uns problemas eléctricos coa anterior concesionaria, eses problemas supuxeron que tivemos que arranxalos, está o Servizo de Arquitectura traballando nese tema. Nós calculamos que no mes de xuño-xullo pode estar aberto. De todas formas, diante da posibilidade de que non poidamos abrir a cociña, estamos valorando a posibilidade de poñer un *food truck* para dar servizo ao restaurante, ao posto da praia.

É certo que o ano pasado intentamos poñer o *food truck* e non houbo ningunha concorrencia. Este ano vámolos facer con máis tempo, prevendo que non dera tempo a arranxar os problemas eléctricos. Sen arranxar os problemas eléctricos, obviamente non podemos abrir a cociña, porque é un perigo, sobre todo para todo o público que se achega ata alí.

Sr. Ben Otero

Y ahora, dos ruegos para usted, señor presidente. Uno es relacionado con el Centro Etnográfico de Teixeira, titularidad de esta casa, es un edificio público. Nuestra obligación y responsabilidad es que esté en condiciones mínimamente aceptables, y a día de hoy entendemos que no es así.

Hace varios años que no se está haciendo el tratamiento exterior hidrofugado, es decir, limpiar el hormigón. Es una obra que fue edificada con un sistema bastante innovador en su momento, especial, es una obra interesante de ver, lo que pasa es que necesita cada año la limpieza del hormigón por fuera, hidrofugarlo, aplicarle el líquido



para evitar la entrada de humedades, etc. Y también se ve que hay problemas en la unión de los bloques, de los distintos edificios, con la unión con la silicona, está rota ya, cedida por el calor, frío, etc., etc., y hay entrada de agua. Yo creo que es sencillo de ver, algunos de ustedes van habitualmente por Teixeira, yo creo que Teixeira no merece tener el centro en unas circunstancias como son estas, con las lucernarias sin limpiar desde hace años, con humedades interiores, diversas humedades interiores, y luego ya, en lo que es el aspecto exterior, se nota perfectamente que el hormigón no ha sido hidrofugado.

Yo le paso las fotografías al acabar, es llamativo cómo está, tiene una media de visitantes anuales entre 4.000 y 5.000 personas, y creo que esta institución debe preservar las inversiones que hace, los edificios que son de su titularidad, y no es razonable que el Centro esté en estas condiciones. También, desde hace cinco años, hay un..., bueno, le enseño primero la foto en la que se nota cómo la silicona está cedida, hay una grieta que hace que entre agua permanentemente. Yo creo que esto hay que cumplir de otra manera y hay que actuar en este centro como corresponde. Y también hace cinco años se hizo un proyecto para el tratamiento exterior de la zona de jardinería, está durmiendo el sueño de los justos, por favor, recuperen ese proyecto y que esté en condiciones.

Tengo otra cosa más, no sé si quieren que la haga ahora seguida y contestan las dos o...

Y la otra es un tema que ya hemos tratado diversas veces aquí, y, hombre, yo le ruego, porque me ha insistido el alcalde de Rois, Ramón Tojo, en que le insista en el tema. En el año 24, el 20/12/2024, se aprobó en este Pleno la aprobación de la mejora del tramo de seguridad vial de la DP, le digo ahora, que lo tengo apuntado, un segundito-la DP-7402, de Martelo a Augasantas. Usted reconoció, porque esto viene previo de una iniciativa nuestra de años anteriores, en que usted reconocía que era importante hacerla, que tenía sus dificultades, pero finalmente fue aprobada en este Pleno, con acuerdo de todos los grupos políticos, en diciembre del año 2024. En este tema volvimos a insistir en noviembre del año 25, porque no se había hecho nada. Y vuelvo ahora, pero no por una cuestión de capricho, ni por ser pesado con esta cuestión. Es que últimamente está pasando esto de forma demasiado habitual, accidentes todas las semanas. Por ahora, gracias a Dios, no hay que hablar de daños graves, sí de daños materiales, pero no de ninguna muerte. Yo le pido, por favor, ya que está aprobado el proyecto en este Pleno, ya que está el recurso económico entiendo que reservado, porque se ha aprobado en este Pleno, por favor, empiecen ustedes, hablen con el alcalde Rois, se lo he pedido en noviembre del año 25. Se lo pido ahora, hablen con él, explíquenle cuándo se tiene pensado empezar a trabajar en esta infraestructura, que es importante, antes de que suceda una tragedia que ninguno de nosotros estoy seguro que deseamos, evidentemente que no, pero los fondos están, el proyecto está aprobado, la Corporación toda ha acreditado que refrendamos que esta obra hay que hacerla. Por favor, háganla, nada más. Por mi parte, nada más. Gracias.

Sr. Penas Corral

Contesto eu o tema de Teixeira, do Centro Etnográfico de Teixeira, porque é un tema de Patrimonio. A miña comunicación co alcalde de Curtis, con Javier, é continua; de feito, mesmo algunha vez xantamos xuntos. Eu estiven hai relativamente pouco e hai unha persoa ademais que se encarga da atención ao público, que está alí, unha persoa moi cordial. E o mantemento do edificio estase a facer, obviamente hai melloras que realizar, iso é indiscutible. A limpeza tamén se está a facer, eu agradezo a información.



Nós pasarémoslle nota das queixas que ten o alcalde, porque entendo que son queixas do alcalde que a min non me trasladou. É máis, este ano a partida que temos para que os concellos poidan facer actividades aumentouse a solicitude do alcalde, de Javier. Non houbo ningunha queixa sobre o mantemento, sobre estas xuntas. En todo o caso, eu pásolla ao Servizo de Arquitectura para que a revisen e para que fagamos unha visita. Eu persoalmente poñereime en contacto co alcalde de Curtis para facer xuntos a visita e valorar se realmente hai algunha reparación urxente ou hai algunha cousa que vai máis alá do mantemento habitual.

En todo o caso, quero aproveitar a oportunidade para dicirlle ao Partido Popular e á Xunta que, se o seu coidado do patrimonio fora a metade do coidado do patrimonio que temos na Deputación da Coruña, non faría falta que a través dunha Lei de acompañamento derivara o patrimonio para que os concellos se encargaran deste. Porque se facemos o que fai a Xunta, eu tería que chamar ao alcalde de Curtis e dicirlle: “Apáñate, búscate la vida”.

Insisto, miraremos as cousas que están facendo que son mellorables e falarei co Servizo de Arquitectura para que se solucione o máis breve.

Sr. Ben Otero

Perdón. Perdón solamente un pequeño detalle. Es que el Centro Etnográfico es titularidad de esta Diputación, es suyo, no es suyo, es nuestro. Es nuestro, es de esta institución. En consecuencia, oiga, hace años, desde hace cinco años a esta parte, cada año antes se hidrofugaba uno de los tres edificios de que consta esto, son tres edificios conexos, cada año se hidrofugaba uno y se le aplicaba el líquido para que no hubiera humedades, un año uno, al año siguiente otro, al siguiente otro, y luego empezábamos por el primero y así sucesivamente. Es lo que estaba pasando. Ahora no se limpia ninguno. Entonces, hombre, que me hable usted de la Xunta, pues mire usted, hable usted en el Parlamento, le preguntan allí, pregunten en su ayuntamiento.

Le repito, yo tengo la obligación de transmitirle a usted que tenemos un Centro que es titularidad de la Diputación que está en un estado difícilmente explicable. Y solo una cuestión, que yo de esto de informática no entiendo mucho, son muy analógico, lo reconozco, y debería ser más digital, sobre todo teniendo hijos adolescentes y demás. Pero, oiga, allí están los ordenadores en los que se proyectan los vídeos y demás respecto a la explicación del centro, están aplicando el Windows 7, Windows 7. Esto se ha quedado un poquito atrás también, creo yo. Aprovecho para recordárselo. Nada más. Gracias.

Sr. Penas Corral

Sen intentar que isto sexa unha moción, pero non me expliquei ben. Sabemos que o centro é noso. Estou dicindo que, se nós aplicásemos as mesmas políticas que fai a Xunta de Galicia nos nosos centros, os centros estarían bastante peor. Eu convido para que fagamos un día unha visita xuntos ao mosteiro de Caaveiro, que é da Deputación da Coruña, e ao mosteiro de Monfero, que en liña recta está a uns 20 quilómetros, e vexamos as diferenzas que hai entre o tratamento que fai a Deputación do seu patrimonio e o mantemento, o coidado, o cariño que pon a Xunta no patrimonio que pertence á Xunta de Galicia. Simplemente iso.

No concreto, insisto, volveremos facer a visita co alcalde, co cal teño unha



comunicación excelente, e intentaremos solucionar todo o que sexa arranxable o antes posible.

Sr. Presidente

E déixame complementar. Rosa Ana, ¿contesto a tu pregunta de antes? ¿Al planteamiento del proyecto que me hacías? Vale. Esta es la respuesta.

A concelleira de Promoción Económica viña a formular a posibilidade de solicitar fondos europeos para implementar un proxecto que discorrería por varios concellos da provincia. Claro, é dicir, a resposta dun presidente responsable é: “Oe, está ben, está ben, os fondos europeos están moi ben”, pero hai un día despois que se chama proxecto Mandeo, onde os concellos queren financiamento europeo e se comprometen de palabra a asumir o mantemento unha vez que se realizasen as obras. Ao final, o que ocorre é que houbo ese compromiso no seu día do Concello de Curtis e de Coirós e de Betanzos, e ao final non existe esa concreción. O certo é que os alcaldes miran para o outro lado e asume o resto da provincia o sostemento duns centros que debían ser integramente municipais porque foron eles os que o solicitaron. Falamos de vías verdes e doutros proxectos que parecen magníficos, e sono no fondo, pero que hai que aterralos na realidade, que é que despois non vale só construír, alcaldes e alcaldesas, hai que mantelos en condicións. E, por tanto, tócanos a nós exercer unha responsabilidade.

O alcalde de Curtis, Javier, si que mo comentou a min, a Penas non sei, pero a min o outro día que estivo por aquí en presidencia comentoume este tema. É certo. Nós financiamos actividades naquel centro, o que financiamos no Mandeo, financiamos no castelo de Vimianzo. É dicir, ao final, eu creo que cando financiamos fondos europeos e hai un compromiso de asumir esa infraestrutura por parte dos concellos, hai que garantir que a Deputación non asume ese custo posterior, porque ao final o orzamento desaparece.

É certo que hai un compromiso do Concello de Curtis, entendo que non estaría Caínzos daquela porque é anterior, non? Pero hai un compromiso do Concello de Curtis de asumir ese, mal feito pola Deputación, moi mal feito polo Goberno, naquel caso bipartito, PSOE-BNG, que pide fondos europeos sen garantir por escrito esa recepción e esa asunción de responsabilidades no mantemento. Aproveito isto para facer unha reflexión que nos ten que atinxir a todos.

Mónica, respecto á segunda parte da pregunta?

Sra. Rodríguez Ordóñez

Si, grazas, presidente. Ben, comentar sobre ese proxecto que comentabas, Evaristo, de Rois, que volvo a dicir, o alcalde se quere, sen problema, que me chame e se lle explica. Pero trasladar que se está traballando, estamos pendentes da inclusión dos remanentes, xa está feito, e tamén dicirlle que o informe do control e seguimento de Arqueoloxía chegou en xaneiro. Polo tanto, nos próximos días xa se iniciarán os trámites en Contratación.

Estivemos avanzando, pero dicirlle que o informe de control e seguimento aínda chegou hai uns días, vale? Entón, xa temos incorporados os remanentes e vaise licitar. Preocupados por ese asunto para poder adxudicar este proxecto e poder executalo o antes posible. Moitas grazas.



Sr. Presidente

Moitas grazas a todos e todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:33 horas.